

Os Galos

REVISTA DE DIVULGACIÓN DA
CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL



BUEU 2020
Nº 14

Presentación

De cando en vez gustamos de recuperar nas nosas portadas ou no interior da revista, imaxes doutros tempos do mar de Bueu. Que conste que na súa reprodución non hai nin un chisco de nostalgia, senón máis ben unha lembranza exemplar de tempos difíciles para os nosos mariñeiros que, co seu esforzo e a pesar das dificultades, conseguiron alimentar fábricas e familias que fixeron posible o Bueu de hoxe.

Eis aí o poder de evocación destas imaxes históricas, dos duros xeitos de vivir noutros tempos pero tamén do legado patrimonial que nos deixaron. E quen soubo mirar e estudar con obxectividade a importancia deste legado mariñeiro foi o noso prezado veciño Staffan Mörling que nos acaba de deixar e cuxo esforzo a prol da valoración e divulgación da nosa cultura marítima sempre recoñecemos e recoñeceremos para sempre. Na súa memoria reproducimos vellos artigos que suscreben a nosa admiración e aprezo polo seu traballo e tamén un máis recente no que Staffan é capaz de mostrarnos a "alma" dos barcos, a súa parte inmaterial, só interpretable por expertos e avezados nestas cuestións que teñen prolongación tamén hoxe na mente dos socios de "Os Galos".

Como unha constante, grazas á que se pode darlle contido a esta revista, contamos cun equipo de redactores de magníficos e documentados artigos de carácter histórico, sociocultural e de divulgación, sen esquecer aquelas páxinas de creación literaria e gráfica que lle dan á nosa revista un equilibrio e variedade do que podemos gabarnos sen caermos na autocomplacencia.

Polas páxinas que ides ler, discorren historias de antano con personaxes que se significaron na vida de Bueu, episodios descoñecidos que a nivel local deixaron a súa pegada, estudos etnográficos de costumes mariñeiros ou etnolexicais dese micromundo que é Ons, odiseas marítimas que merecen ser coñecidas...

Como xa é habitual dedicamos unhas páxinas á divulgación literaria e plástica e as referentes a eventos e actividades nas que nos mergullamos de ano en ano "Os Galos" e que teñen o seu colofón nos Encontros de Embarcacións Tradicionais que desde hai catorce anos vimos celebrando.

Mais, as circunstancias excepcionais, motivadas pola pandemia, viñeron trastocar este ano os plans e programacións, esixindo novos plantexamentos para as actividades, acordos coas norma-

tivas decretadas. Isto, tamén tería certa repercusión na edición da Revista que este ano conta co máximo apoio do Concello de Bueu, expresándolle o noso agradecemento.

Sumario

	Páx.
Presentación.....	1
J. A. Mauricio, guerrilleiro na URRS.....	3
Cultura popular en Ons.....	9
Poesía.....	14
Barco Guerra Independencia.....	15
Salvados por Neruda.....	21
Humor.....	24
Combate naval en Beluso.....	25
O popular na obra de Maruja Mallo.....	29
In Memoriam Staffan Mörling.....	35
Poesía.....	40
Exvotos mariñeiros.....	41
Barcos de papel.....	45
Humor.....	46
Bueu antigo.....	48
Actividades "Os Galos".....	51

Dirección/Redacción: Ana Gil

Colaboradores: Arturo S. Cidrás, Celestino Pardellas, João Marinheiro, Lino J. Pazos, Lucía Novas, Luis Davila, Salvador Rodríguez, Xaime Toxo, Xerardo Dasairas.

Deseño e maquetación: O´Xedas


Imprime: DC Artes Gráficas

Promove: osgalosbueu@yahoo.es

ISSN: 1888-606X

Depósito Legal: PO-459/20006

Edita: Asociación "Os Galos" - Bueu



Encascador e faenas de pesca na praia de Bueu en 1904

Únete e colabora!

Faite soci@ cubrindo esta solicitude:



**Asociación de Amig@s
das Embarcacións
Tradicionais**

Nome e apelidos _____ **C. P.** _____

Enderezo _____ **Provincia** _____

Concello _____ **Correo E-mail** _____

D. N. I. _____ **Telf.** _____

-O/A solicitante expón que quere formar parte desta Asociación co fin de promover difundir e valorar o patrimonio marítimo, conservando e recuperandoas embarcacións tradicionais da nos zona.

-Acepta os Estatutos e acordos da Xunta Directiva, elixida polos socios, tendo dereito a participar nas asembleas e actividades que se realicen.

-Asume a obriga de contribuir cunha cota de 15 € anuais para adultos e 1 € para menores de 16 anos.

-Fará efectivo o pago mediante o ingreso da cota na conta de Abanca **2080 5412 74 3040106599** especificando o seu nome e apelidos.

En _____ a _____ de _____ de 20____
Sinatura

O bueués José Antonio Mauricio García, guerrilleiro na URRS

Arturo Sánchez Cidrás



J. Antonio Mauricio García
Moscova 1950

José Antonio Mauricio García (1916-1976), nado no barrio da Praia de Bueu¹ (Pontevedra) a véspera da Noiteboa de 1916. Foi o segundo, e único varón, de 6 irmáns² fillos de Angélico Mauricio Martínez e Soledad García Rosas.

Case vinte anos despois, no xaneiro de 1936 temos a uns cantos mozos de Bueu accedendo á primeira quenda das quintas e nela estaba José Antonio Mauricio que a pesar de traballar de ferreiro co seu pai³, posuía a Libreta de Mar polo que lle correspondeu facer o servizo militar na Armada. Tras un curto período de instrución no Ferrol o seu primeiro destino é formar parte, en calidade de mariñeiros de 2^a, da dotación do acorazado «Jaime I». Como compañeiros del nese barco estaban os bueues Carlos Corral Ferreiro e José Castro Estévez, algo máis novos ca el xa que se enro-laran como voluntarios na Mariña⁴.

O 17 de xullo de 1936⁵ o barco «Jaime I» está atracado no porto de Santander⁶. Ante as noticias que proviñan do norte de África o goberno ordenou a súa saída cara o estreito de Xibraltar pero facendo escala en Vigo para recoller a parte da tripulación e avituallarse. O día 20 cando saen con destino ao Sur, o ambiente non era nada clarificador en canto ao partido que na guerra, xa comezada, tomaría a cúpula de mando do acorazado⁷. En vista do cal, 15 dos cabos afíns ao Fronte Popular, a Unión Militar

Republicana Antifascista (UMRA) ou simplemente con tendencias libertarias tiñan preparado un plan para facerse co barco. Só estaban á espera das ordes do goberno; orde que chegou a través da radiotelegrafía. Armados, deciden reducir á oficialidade, que se resiste. Tras un cruce de disparos logran acceder á ponte de mando causando máis dunha ducia de mortos⁸ así como de prisioneiros⁹. Noméase un Comité de Mando do «Jaime I» órgano formado nun primeiro momento por auxiliares, cabos e mariñei-

1 Actual rúa Montero Ríos.

2 Soledad (1915), José Antonio (1916), Carmen (1919), Dolores (1921), Emilia (1923) e María (1926)

3 Nun galpón da actual rúa Caripa (Banda do Río de Bueu)

4 20 de xaneiro de 1936.

5 Data da rebelión militar en Melilla que supuxo o punto de inicio da Guerra Civil Española.

6 Non estaba toda a tripulación xa que nesas datas un terzo da mesma atopábase de permiso.

7 Días atrás o goberno cambiara ao comandante. Pero quedaban moitos oficiais dos que non se fiaban desde que no mes de maio dese ano o Jaime I fixera unhas manobras en Canarias e o Comandante Xeral de Canarias, Francisco Franco Bahamonde, tivera conversas “sospeitosas” cos xefes e oficiais do Estado Maior e buques presentes nas manobras.

8 A consecuencia desta sublevación morreron por parte da oficialidade (cualificada polos cabos de 'fascio') 2 capitáns de corveta, 5 tenentes de navío, 6 alféreces e, por parte da tropa (cualificada de 'leais'), 2 auxiliares, un mestre instrutor e 1 cabo artilleiro.

9 Algúns dos cales serían executados días despois polo Comité de Mando do barco.



Acoirazado Jaime I



Parte da tripulación do Jaime I

ría afin. Aínda que nas accións máis lutuosas¹⁰ e vivencias máis dramáticas¹¹ no buque non aparece significado José Antonio Mauricio¹², estas si van a condicionar o seu futuro.



O pai, Ángelico Mauricio


Dadas as dificultades de comunicación entre os distintos puntos do país por estar este en guerra e, o aínda máis difícil, entre territorios controlados por gobernos enfrontados fainos pensar que José Antonio descoñece, polo menos nun primeiro momento, a breve detención

do seu pai Ángelico Mauricio, por *ser das esquerdas*, que se saldou cuns días no depósito municipal, con malleira incluída.

Por esas mesmas datas dáse o arresto (31-8-1936) e posterior procesamento, do seu primo Ángelico Mauricio Martínez “O Menichu”¹³.

Ángelico Mauricio estivo incurso no Bando de declaración do Estado de Guerra, na causa 1308, en compañía de 7 veciños máis por “rebelión” por, supostamente, dedicarse a “*buscar dinamita para voar as pontes da Chadiza na estrada de Bueu a Cangas por Beluso e o de Canudo na de Bueu a Cangas por Portela*”.

Condenado a cadea perpetua e inhabilitación, pasa por diversos cárceres, entre eles o Lazareto de San Simón, ata que o 16 de maio de 1937 pasa ao penal de San Cristóbal, no monte Ezcaba preto da capital Navarra. Cae morto¹⁴ na fuga que da prisión fixeran case 800 reclusos o domingo 22 de maio de 1938.



Detención de Ángelico Mauricio Martínez O Menichu

10 Ao longo de case un ano de participación na guerra (Tánxer, Ceuta, Málaga, Mallorca, Almería, etc.) o Jaime I sofre bombardeos con mortos e feridos, así como danos relevantes, en repetidas ocasións. Por exemplo, cando se dirixían a Tánxer logo da toma do barco; ou posteriormente, o 13 de agosto do 1936, cando unha das bombas lanzadas por 3 avións alemáns mataron 6 e feriron a varios da tripulación; ou tamén o bombardeo que realizaron 5 avións (21 de maio do 1937) na costa almeriense do que, aos importantes estragos no barco, hai que engadirlle 5 mortos e 23 feridos.

Pero a explosión que acabou co acoirazado deuse por causas descoñecidas (Sabotaxe? Explosión caldeiras? Soprete dun traballador?...) o día 17 de xuño de 1937 no peirao La Curra de Cartaxena onde estaba a ser reparado. Neste 'accidente' morreron máis de 300 persoas e houbo algo máis dun cento de feridos. Dous deses mortos eran de Bueu: Enrique Graña Pouseu e Joaquín Ríos Chamadoira. Ao estar afundido no peirao, vinte días despois, foi dado de baixa.


11 Parte da tripulación do Jaime I tamén estivo implicada en fusilamentos, sobre todo, na praza de Cartaxena.

12 Tampouco o resto dos bueuses, compañeiros seus no barco.

13 O nome do pai e do primo coinciden, Ángelico Mauricio Martínez. O primo, que naceu en Marín, ao estar a súa nai Áurea solteira, toma os apelidos desta, coincidencia que veu en dar algunha vez en equívocos aos que tratamos este período da nosa historia.

14 Morreron ou foron fusilados 206 persoas das que 6 eran de Bueu: Ángelico Mauricio Martínez, Salvador Parada, José Ave, Salvador Lobeira e Benito Núñez. Outros bueuses morreron en San Cristóbal ou no seu posterior traslado a Cuellar: Benito (Eugenio) Aldao Lobeira (1-3-1939), Abelardo Barreiro Paredes (18-10-1940), Benito Pastoriza Fariña (xuño 1943. Enterrado en Cela-Bueu no 2013) e Manuel Aldao da Horta. Só 12 bueuses puideron volver a casa.

Aínda que na distancia, outro barco se cruzaría na vida de José Antonio Mauricio. Este sería o cruceiro «Almirante Cervera». Mentres o «Jaime I» estaba a defender as costas españolas polo sur o «Almirante Cervera» o facía, con bandeira distinta, polo norte. Nun primeiro momento da guerra ambos barcos estaban no mesmo bando ata que unha importante parte da tripulación do «Almirante Cervera» foi detida¹⁵ pola súa actitude na toma do barco, na defensa da cidade de Ferrol e da legalidade vixente. A represión sobre os mesmos aínda continuou anos despois do inicio da guerra. Así houbo varios consellos de guerra por “rebelión” nos que se ditaron sentenzas a morte, reclusións perpetuas, a meses e anos de prisión; tamén 16 absolucións. Das penas de morte algunhas foron conmutadas pola de cadea perpetua, como lle ocorreu ao bueués, mariñeiro distinguido, Manuel Vidal Ogando¹⁶, cuñado da irmá¹⁷ de José Antonio Mauricio.



Juan Sebastián Elcano

O dito popular di “Non hai dúas sen tres” e para confirmalo observamos que un terceiro barco (e non sería o último) interfere na vida do mariño José Antonio.

15 Algúns nas mesmas rúas da cidade ferrolán.

16 A pena de morte foi ditada o 25 de xuño de 1939 no macro consello de guerra en Ferrol, logo conmutada pola de cadea perpetua e posteriormente (1940) a de cadea perpetua por unha ducia de anos de prisión. Logo de saír da cadea quedou a traballar no Ferrol.

17 Emilia Mauricio García, que estaba casada con Antonio Vidal Ogando.

18 Domingo, 11 de xullo de 1937.

19 O mesmo farían con outras, case dúascentas, persoas pertencentes ás 8 embarcacións máis en distintos portos do Báltico e do Mar Negro. Rematada a guerra en España o barco foi incorporado á armada rusa no Mar Negro e ao longo dos anos foi modificado para axustalo ás necesidades militares (Taller, hospital, mercante artillado,...) e en cada unha destas funcións era bautizado cun nome distinto («Volga», «Odessa» ou «Jakutia») así ata o 1968 que foi desmantelado no porto Inkermnan da península de Crimea

20 E, segundo o sesgo ideolóxico de cada un, as interpretacións ou xustificacións deste feito varían. Estas van dende o roubo, puro e duro, das embarcacións ata as dunha política de protección e tutela de embarcacións, tripulación e mercadoría, por parte das autoridades rusas, polo risco que supuña neses momentos a navegación polo Mediterráneo.

21 Nalgún momento tratáronos como “emigrantes políticos”.

22 Luzia lordache Câtstea en «Vidas y destinos. Los marinos republicanos del Gulag». Drassana, 18. 2010.

Será o mercante «Juan Sebastián Elcano», requisado á Compañía Transatlántica, polo goberno republicano a inicios do 1937 para servir de aloxamento aos que chegaban a Barcelona desprazados pola guerra. Logo ante a necesidade de transportar alimentos e material bélico comeza a facer a ruta ao porto de Odessa no Mar Negro. Serían tres as viaxes levando froitas, chumbo e outros produtos e traendo trigo, algodón, etc. e, sobre todo, repostos para a aviación e armamento en xeral. Pouco antes de que parta de Cartaxena¹⁸ o «Juan Sebastián Elcano» para realizar unha terceira viaxe, José Mauricio García é destinado a este barco en calidade de artilleiro.

Odessa (Одесса)

Chegaron con toda normalidade a Odessa e o 19 de xullo xa estaban cargados de material militar (repostos para a aviación) e preparados para saír cando, inexplicablemente, os rusos mandaron baixar a toda a tripulación, un cento de homes, e incautaron¹⁹ o barco aducindo erros nos permisos e documentación do mesmo²⁰. José Antonio, e o resto dos compañeiros da tripulación, sen poder regresar a España, foron confinados nunha situación xurídica bastante estraña²¹ pois non encaixaban en ningún dos motivos: prisioneiros guerra, contrabandistas, refuxiados, etc. e, para máis, pertencían a un país e a un goberno “amigo”. E segundo recolle Luzia Lordache²² “os tripulantes situados en Odessa foron desembarcados e trasladados a unha residencia do Comisariado do Pobo para a Mariña, mentres que a súa alimentación corría a cargo da Compañía Navieira do Mar Negro”.

De todas as tripulacións retidas, algúns foron repatriados no 1938 e 1939²³ e, rematada a Guerra Civil Española, aos que aínda estaban en Rusia²⁴ lles deron a *elixir* se querían volver á España de Franco ou quedar. Ante esta pregunta trampa²⁵ moitos decidiron quedar e outros optaron por unha terceira vía, solicitar saír a países europeos (Francia, Belxica, etc.) ou a países Latino Americanos (México, Uruguai, Arxentina, etc.). Antonio Mauricio pediu exiliarse en Arxentina, e ao non permitírselle, pasou a ser un máis dos moitos que lles *tocou* quedar na URSS. Polo menos aos inicios o fixo en condicións precarias, traballando case un par de anos nunha fábrica-estaleiro na mesma Odessa.

Rostov (Ростов)²⁶

Cando finalizou o verán de 1939 o Consello Central dos Sindicatos Soviéticos coloca a traballar en distintos tipos de fábricas a máis de medio cento de militares españois. Ao noso protagonista correspondeulle unha fábrica na cidade de Rostov. É nesta cidade onde, en 1941, o colle a invasión alemá ou, o que para os rusos veu sendo, a “Grande Guerra Patria”. El, ao igual que fixeron moitos compañeiros retidos no territorio ruso, alistáronse como soldados para dar continuidade a súa guerra particular sobre o *fascismo*²⁷; iniciada, e perdida, anos antes en España.

23 Nese continxente irían as tres cuartas partes dos tripulantes do «Juan Sebastián Elcano»

24 Utilizarei esta terminoloxía, de forma xenérica, en vez de Federación de Rusia, Unión Soviética, URSS ou a específica da república a citar, por ser un referente claro na linguaxe popular.

25 Aos que insistían nesas demandas foron tidos por 'inimigos', 'desertores',... e os máis significados por desexar volver a España, foron internados en campos de traballo ou gulag de Járkov, ou máis ao leste en Krasmojarsk, ou en Norilsk (ao norte do Círculo Polar Ártico), etc.

26 Quixera facer a aclaración de que nas fichas/informes (Dirección General de Seguridad Núm. R.S. 5.551 e do PCE, Núm. 2593) para José Antonio Mauricio hai erros lóxicos de transcripción da toponimia rusa, sobre todo nas da Dirección General de Seguridad, por ser copia literal do que se interpreta dos interrogatorios orais. Son máis atinadas as do PCE por coincidir na grafía con cidades reais e por vir avaladas polas fichas-control dos sindicatos e goberno ruso.

27 Recordemos que nos barcos que foran a Rusia ían en calidade de militares. Ase mesmo, moitos dos chegados como “Nenos da guerra” tamén combateron en batallóns soviéticos.

28 Termo usado en Rusia para referirse a rexións, territorios ou 'marcas' da periferia.

29 En Krasnodar tamén viviron varios galegos. No 2006 Delmi Álvarez protagonizou un fermoso documental (“A última fotografía”, dirixida por Andrés Mahía para a TVG) nesa cidade, onde entrevistaba ao vilagarcián Federico Doval, ex-soldado da División Azul, e ao bueués Antonio Rey Pereira, que fora 'Neno da Guerra’.

30 Nesta rexión tamén había campos de concentración de tristes lembranzas para algúns cidadáns españois.

31 Algún dos seus integrantes din que foron eles mesmos os que por carta lle solicitaron a Stalin ter a oportunidade de pelexar e combater ao fascismo.

32 Dicer que había moitos grupos de guerrilleiros, como os dos rusos Medvediev, Tvórogov, etc. ou como os comandados polos españois Domingo Ungría J. Fernández, J. Gómez, E. García, F. Rioja, F. Gaspar, etc., que tiñan entre os seus membros un número significativos de republicanos españois.

Ordzhonikidze (Орджоникидзе)

Pouco tempo despois sería trasladado a outra fábrica na que tamén se producía material de guerra, a 400 km ao Sur de Rostov, na cidade de Ordzhonikidze, krai²⁸ de Krasnodar (Краснодар)²⁹.

Aktobé (Ақтобе)

Logo, ante o avance das tropas alemás, moitos obreiros e poboación rusa escapan cara o leste. José Antonio chega evacuado á provincia de Aktobé no afastado Kazajistán, e máis concretamente, na capital Aktobé que naqueles anos era coñecida coma Aktyubinsk³⁰. Alí traballou case un ano e, mobilizado de novo polo exército ruso, foi trasladado a Moscova.

Moscova (Москва)

Chega á capital rusa no 1944. Alí coñece a outros españois, algúns do Partido Comunista de España (PCE) que o animan a afiliarse. Isto daralle, ante as autoridades rusas, un *plus* de fiabilidade como elemento do sistema.

En compañía de soldados rusos e compañeiros españois foi recrutado³¹ para formar parte dunha brigada de guerrilleiros³² ao servizo do Comité do Pobo para Asuntos Internos (máis coñecida coma (NKVD)). Para isto recibiron, durante tres meses, formación teórica e práctica en tácticas de guerrilla, de

infiltración, vixilancia, manexo de explosivos, sabotaxes, captación da poboación civil, propaganda, etc.

Crimea (Крым)

Os guerrilleiros españois, como José Antonio, conformaron unha páxina especial na “Gran Guerra Patria” non só polo valor demostrado senón pola eficiencia das actividades realizadas contra os exércitos alemáns en distintos lugares da xeografía rusa: Dende o Báltico ao Cáucaso, de Moscova a Crimea, etc.

José Antonio Mauricio estivo realizando o seu labor guerrilleiro nunha zona, a de Crimea, que lle era coñecida por ter vivido case un lustro preto dela, desde aquel fatídico ano de 1937 que fora retido en Odessa ata a súa estancia en Ordzhonikidze. Aínda que o tempo que estivo operativo como guerrilleiro foi curto (dous meses) xa que finalizou a guerra, as accións realizadas polo seu grupo foron relevantes para o coñecemento dos movementos do inimigo, así como para atacar puntos estratéxicos da retagarda ou dinamitar puntos neuráxicos das comunicacións e transporte alemáns.



O *Crimea* (Крым) en Castellón 1957

Moscova (Москва)

Finalizada a súa actividade guerrilleira é desmobilizado, polo menos oficialmente xa que na realidade segue a pertencer ao servizo de información e vixilancia do NKVD, pasa a vivir na capital Moscova.

33 A partir do 1957, a gubernamental Comisión Coordinadora de Repatriación, para evitar problemas cos retornados de Rusia, toma en serio as vantaxes políticas e sociais de que este colectivo conseguira introducirse rapidamente no mercado laboral e para iso articula enlaces con empresas, propietarios de vivendas, etc.

34 Todos eles fillos de irmáns do seu pai Angélico Mauricio.

A súa "pantalla" ou actividade laboral será nun complexo industrial onde está a fábrica T-30 na sección adicada á fabricación de avións para posteriormente pasar á sección de “aparells para viaxeiros”. Nesta situación estivo ata que no 1957 déronse as condicións axeitadas para ser repatriado a España.



Talleres de Barreras-Anos 1950

España

José Antonio Mauricio chegou repatriado procedente de Odessa no barco ruso «Crimea» (Крым), o 28 de setembro de 1956, ao porto de Valencia na 1ª das expedicións oficiais organizadas a este fin. Logo os retornados, foron trasladados en autobuses a Zaragoza para seren interrogados, coa desculpa de facilitarlles a documentación española. De Zaragoza tivo que ir para a súa casa de Bueu, que era para onde tiña autorización, pois el pensaba achegarse primeiro á Barcelona xunto coa súa *compañeira*, unha catalá de nome Lucía de Pablo Cuéndez, que coñecera na súa estada en Moscova e coa que tamén fixera a viaxe de retorno dende Rusia.

O 3 de outubro son recibidos en Bueu José Antonio e unha veciña chamada Carmen Libertad Rosales Villanueva que era “Nena da guerra” en Rusia e fora repatriada con el no mesmo barco. Ao pouco tempo José Antonio pasou a vivir en Vigo onde atopou un traballo³³ de soldador no sector naval, na empresa Barreras e nun primeiro momento residiu na casa duns familiares³⁴. Cando puido independizarse quixo tamén formalizar o matrimonio con Lucía de Pablo Cuéndez e casaron en San Miguel de Bouzas (Vigo) un domingo, 16 de abril de 1961. Non tiveron fillos.

A biografía da súa esposa, Lucía de Pablo, merecería un apartado, quizais máis amplo, pero ante a ausencia de datos vou dar unha pequena pincelada: Naceu na provincia de Barcelona no 1919 e sendo unha moza afiliouse ao Partido Socialista Español. Con 19 anos decidiu ir coma voluntaria na misión humanitaria que desprazou a varios miles de nenos para evitarlles o horror da guerra e que os levou a países de acollida como Francia, Reino Unido, México... e Rusia. Sería en este último país a onde chegou cun grupo de nenos e no que se puxo a traballar como auxiliar para atendelos no que se deu en chamar “Casas Infantís”. Hai constancia de que traballou nelas, polo menos, de 1938 a 1947 e dado que non tiña formación pedagóxica o fixo distintos traballos auxiliares, como o de modista, que exerceu na casa nº 5 de Óbninsk³⁵ ata 1943.



Intuímos e lembramos na vida de José Antonio Mauricio García e de Lucía de Pablo vinte anos de ausencia forzada polos acontecementos e pola política; experimentado agudas nostalxias dos seus seres queridos e da terra e o mar que os viron comezar a medrar como persoas.

Vinte anos que marcaron o carácter e a forma de mirar o mundo pero que, ao contrario doutros compañeiros deixados polo camiño da vida, tiveron un final tantas noites agardado.

Vinte últimos anos nos que grazas á súa familia, ao seus traballos, aos amigos... á súa terra, contradiciron ao tango³⁶, xa que foron vinte anos dunha bagaxe positiva que se levaron con eles, pero dos que deixaron rastros que nos permitiron gravalos na Memoria do seu pobo para que non caian no esquecemento.

Nota: Agradecemento moi especial a Angélico Luís Vidal Mauricio pola información aportada e polas fotografías familiares.

Bibliografía

·Arquivo Municipal de Bueu. Arquivoiro, Belarmino Barreiro Rosales.

·Alted Vigil, Alicia; Nicolás Marín, Encarna e González Martell, Roger: «Los niños de la guerra de España en la Unión Soviética. De la evacuación al retorno (1937-1999) de Madrid. 1999. Fundación Largo Caballero. Hª Social y del Movimiento Obrero.

·Diario Oficial del Ministerio de Marina.

·Elpátievsky, Andrey Valerianovich: «La Emigración Española en la URSS. Historiografía y Fuentes, Intento de Interpretación». <http://www.exterior21.org/publicaciones/08%20Yelpatievski%20FINAL.pdf>

·Hernández Conexa, Ricardo e Ibáñez Rubio, Miguel. «El acorazado Jaime I» Cartagena Histórica. Cuaderno monográfico nº 4. Edit. Aglaya

·Iordache Câtstea, Luzia: «El exilio de los pilotos y marinos españoles en la Unión soviética». Inst. Ciencias Políticas y Sociales/Universidad de Barcelona, 2013. Trocadero nº 25 pp. 81-101. <https://revistas.uca.es/index.php/trocadero/article/download/1970/1815/0>

·Iordache Câtstea, Luzia: «Vidas y destinos. Los marinos republicanos del Gulag». Drassana, 18. 2010. <https://core.ac.uk/download/pdf/39096823.pdf>

·Laruelo Roa, Marcelino: «Muertes Paralelas: El destino trágico de los prohombres de la República». Xixón, 2004.

·Moreno Izquierdo, Rafael: «Los niños de Rusia. La verdadera historia de una operación retorno». Edic. Crítica. Barcelona 2017

·Vilanova, Antonio: «Los olvidados. Los exiliados españoles en la segunda guerra mundial». Ed. Ruedo Ibérico. París 1969

·Young, Glennys: «¿Sujetos peligrosos? Repatriados españoles desde la URSS en la Provincia de Vizcaya, 1956-1963». Cuadernos De Historia Contemporánea, 38, 103-127. <https://doi.org/10.5209/CHCO.54292>

<http://www.mgar.net/docs/gcivil.htm>

https://benitosacalugarodriguez.blogspot.com/2016/03/los-marinos-del-acorazado-jaime-i-en_31.html

<https://kaosenlared.net/sangre-y-represion-en-ferrol-epilogo-del-18-de-julio-de-1936/>

33 A partir do 1957, a gubernamental Comisión Coordinadora de Repatriación, para evitar problemas cos retornados de Rusia, toma en serio as vantaxes políticas e sociais de que este colectivo conseguira introducirse rapidamente no mercado laboral e para iso articula enlaces con empresas, propietarios de vivendas, etc.

34 Todos eles fillos de irmáns do seu pai Angélico Mauricio.

35 Ou Obninskaya, a 100 km de Moscova. Andrey Valerianovich Elpátievsky, «La Emigración Española en la URSS» páx. 205-224-233-234.

36 «Volver» (letra de Lyrics) que popularizou Carlos Gardel: “... Sentir / que es un soplo la vida / que veinte años no es nada...”

A Cultura Popular na Illa de Ons

Necesario estudo toponímico Topónimos novos

Celestino Pardellas de Blas

Hai 45 anos que cheguei a Ons. Daquela, a Illa estaba habitada en máis dun 60% durante todo o ano e no verán acudían algunhas familias máis das que xa estaban asentadas en Bueu despois da emigración forzosa á que se viron obrigados. Rematara COU e durante ese curso, no que había que escoller dúas materias optativas, unha das que elixira fora Antropoloxía que impartía o chorado arqueólogo e secretario do Museo de Pontevedra D. Alfredo García Alén. Quizais D. Alfredo, pedagogicamente falando, non era un mestre modelo, pero a súa sapiencia en temática histórica e antropolóxica, unida ao moito que lle gustaba falar e contar, sobre todo, tradicións, lendas, contos populares,..., facía a clase moi amena e tamén, ante o risco de que se lle ocorrese preguntar o tema que puxera de estudo, sempre había algún espelido que lle preguntaba por algún mito, superstición,..., para que comezara a falar e, como lle poñía tanto énfase ao relato, ao carón de termos engaiolados, o tempo corría e a clase remataba.

Recordo que foi el quen nos meteu a teima da Illa de Ons contándonos un mundo de historias sobre a súa cultura que, aqueles que tiñamos a idea de ir por esa rama de estudo universitario, enfeitizábanos cada día máis. Así foi como nese verán collín a mochila, o saco de durmir, a tenda de campaña, o material de mergullo..., e catro cousas máis, e alá me fun, acompañando a un grupo, acabado de licenciar na Universidade de Santiago, que ían facer un estudo socio-económico-biolóxico financiado polo Irida, novo organismo administrador da Illa de Ons por aquelas datas (1975).

A sorte fixo tamén que coñeceramos a unha antropológa que se achegara a Ons para estudar esa comunidade, e acompañándoa nas súas pescudas foi como quedei enganchado a esta colectividade étnica e ao seu estudo, considerándome, non un investigador, senón un recompilador de datos.



D. Alfredo García Alén profesor e secretario do Museo de Pontevedra

O NOME DOS LUGARES. TOPONIMIA

Os topónimos son nomes propios de lugar. Defíneno como: “*As denominacións co que designamos os lugares que nos rodean, tales como, pobos, ríos, montes, rochas, aldeas,...*”.

Os topónimos axúdannos a recoñecer e situar territorios, zonas, paraxes,..., onde as persoas viven e realizan as súas actividades, pero, ao mesmo tempo son un anaco importantísimo do noso Patrimonio Inmaterial. Son elementais para o coñecemento do medio natural, social e cultural dun lugar, parroquia, concello, provincia,... Moitos dos topónimos son testemuñas da actividade das persoas sobre o medio e poden chegar a ensinaros e descubrir sucesos, anécdotas, contratempos,..., e actividades do pasado.

Ofrécennos unha información moi interesante sobre a vida da xente que habitou un lugar determinado. Cando as persoas poñían nome a un espazo xeográfico facíano cunha intención, por iso os topónimos agochan unha grande cantidade de información sobre as persoas que os poñían: “...*falaban do tipo de vida que os homes levaron, como vivían, en que crían e incluso o tipo de organización que manexaban na súa sociedade...*”

O estudo da toponimia dun lugar debería ser unha faceta importantísima a realizar, xa que eses nomes xorden por unha causa determinada e chegan a perecer. Teñen vida, porque permanecen no recordo das persoas, e vai ser o seu uso o que os manteña vivos. Deixalos de usar pode ser a súa morte, por iso a necesidade da súa recompilación, sitúalos no seu espazo e estudalos buscando o seu significado.



Portada do traballo da Asociación Cultural "PineirÓns"

A TOPONIMIA DA ILLA DE ONS. OBRIGADA RECOMPILACIÓN E ESTUDO.

Ons ten un riquísimo Patrimonio Inmaterial pero, por desgraza, sen estudar en profundidade por persoal cualificado. Un elo dese importante patrimonio é a súa toponimia.

Ata o de agora, sobre os topónimos da Illa, temos os traballos de campo que realicei dende mediados dos anos 70 do s. XX que logo aumentamos, dun xeito máis técnico, varios membros de PineirÓns no ano 2000, aínda que nese traballo só recompilamos os nomes de mar, hidrotopónimos. Dividíramos a Illa en cuadrículas, fotografamos cada unha delas con marea baixa e situámoslos no seu lugar na foto. Nestes intres estamos a traballar a toponimia de terra.

Dende 2006 o experto en toponimia, Fernando Cabeza Quiles, ao longo de sete anos, fai un magnífico estudo sobre os topónimos de Ons en xeral e dos seus hidrotopónimos, na revista AUNIOS (do nº:11 ao 22), dando un posible significado a cada un deles. Os hidrotopónimos foi un traballo en común con PineirÓns que lle ía pasando os nomes e características de cada nome e el daba conta do seu posible significado.

Comezamos esa singradura no peirao e percorremos toda a costa leste cara ao sur. Rematou este traballo no *Illote das Pontes*, mesmo no comezo da parte sur da Illa. Por motivos que descoñezo, non seguiu o percorrido que levabamos. Estamos á espera que se anime a retomalo polo ser un traballo de enorme interese patrimonial e pola súa calidade investigadora.

Publicación interesante foi a realizada, nove anos despois, pola confraría de Bueu, co título: “*Toponimia mariñeira do mar de Bueu. O Buraco do Inferno*” onde entraban as illas Ons e Onza. Traballo interesante pero onde só se colocan os nomes sobre fotos aéreas, non hai ningún tipo de comentario sobre eles. Tamén na revista AUNIOS, Carlos Lixó Gómez, realiza un excelente traballo sobre a Toponimia común de Sálvora e Ons. Xa por último a arqueóloga Paula Ballesteros Arías tamén dá conta dunha boa cantidade de topónimos no seu traballo: “*iBook Ons: unha illa habitada*”.

Se importante é facer un traballo de recompilación dos nomes de lugar, máis se cabe, é darlle unha explicación a eses nomes. Todos os topónimos teñen un por que, e é primordial o intentar buscalo, xa sexa nun traballo de campo cos habitantes da zona



Portada do libro da toponimia de Bueu

(Ons neste caso) ou por medio dun lingüista que in-
tente buscar o seu significado por medio da súa pro-
cedencia léxica.

Hai moitas clasificacións con respecto aos topóni-
mos: antrotopónimos, morfotopónimos, hidrotopó-
nimos, fitotopónimos, zootopónimos,..., pero eu,
para este pequeno artigo sobre os de Ons, vou a cla-
sificalos en <vellos> e <novos>. Entendo por <ve-
llos> aqueles que datan de antes do século XX e <no-
vos> os que, penso, foron xurdindo despois dun sé-
culo do último poboamento (1910), ata que a última
familia emigrou ao continente (1979).

Como dixen, todos os topónimos deberían ser re-
compilados e estudados. Sobre os que eu considero
<vellos> necesitaríase un profundo traballo de cam-
po, falar cos veciños de máis idade e, dende logo,
facer un estudo léxico para buscar a súa posible ori-
xe. Os <novos>, falando dun espazo de tempo de 70
anos, podemos buscar o seu significado traballando
cos veciños.



Zona onde estaba a canteirra do muelle, hoxe casetas dos mariñeiros

Dende logo son un elemento fundamental para
coñecer a historia da Illa de Ons e dende este artigo
quero animar e estimular aos especialistas lingüis-
tas para a realización de un Estudo de Investigación
sobre a orixe dos topónimos de Ons.

ALGÚNS TOPÓNIMOS NOVOS. O SEU POR QUE.

A modo de exemplo vou a dar a coñecer unha serie
de topónimos illáns explicando o seu significado
segundo a versión dada polos veciños de Ons¹.

Comezaremos pola zona próxima ao peirao, bar-
rio de Curro. Neste barrio atoparemos dous lugares
co nome *Canteira* que irá seguido, segundo á que se

refira, de *Curro* ou do *Muelle*. A *Canteira de Cur-
ro*, atópase no lugar onde hoxe está radicada a case-
ta de Primeiros Auxilios. Era unha zona alta de boa
pedra que pertencía, na súa maior parte, a Jesús
Acuña e un anaco máis pequeno a Manuel Sampe-
dro. Cando se lle deu ao Instituto Nacional de Colo-
nización por realizar en Curro un Centro Cívico, de
alí sacaron a pedra, dando permiso para a extracción
D. Jesús Acuña, polo que despois, permitiron que el
dispuxera dun espazo para construír o que hoxe é o
Restaurante Casa Acuña. A *Canteira do Muelle*,
está situada debaixo das escolas, onde hoxe están
emprazadas as casetas dos mariñeiros e a depurado-
ra. De alí sacaron a pedra para a ampliación do pei-
rao de Ons que por aquelas datas consistía nunha
rampla cunhas pedras que servían para o atraque de
galeóns e dornas.

O *Con do Abraso* é unha pequena rocha que se
atopa diante da praia de Area dos Cans. Ten a parti-
cularidade que, debaixo dela, é un abrigo para as
nécoras e, para pescalas, abrazan o
con e moven as mans por debaixo
para capturalas.

A *Veiga do Polbo* era unha
zona de Curro que ocupaba o lugar
onde hoxe está Casa Acuña e as anti-
gas vivendas dos mestres e crego.
Alí, a familia Riobó, poñía a secar o
polbo que mercaban aos veciños pa-
ra a súa posterior comercialización.

O *Rego e Poza das Chourizas*,
fronte á Laxe do Crego. Alí, despois das matanzas,
era onde limpaban as tripas do porco que a seguir,
eran empregadas para facer os chourizos. Era un lu-
gar onde se mesturaba a auga doce procedente do
Caño coa auga salgada do mar.

A *Batea de Chin*, é unha zona pedregosa entre a
praia de Canexol e os Cons Pequenos. Era moi pro-
ductiva en bo mexillón. Fronte a ela vivía Serafín
(Chin) e sempre dicía que esa zona de recolección
era del, de aí que lle puxeran ese nome.

Ao carón norte da praia de Pereiró está a zona de-
nominada *Onde cociñaban os Mecos*. Topónimo
curioso do que os veciños din que o nome procede
do costume de varar ou fondear os seus barcos uns

1 Os topónimos novos van en negra e cursiva. As referencias a algún vello van só en maiúscula.

mariñeiros de O Grove e alí facían de comer e xantaban. Sobre este topónimo o experto Fernando Cabeza Quiles, fala da posibilidade de que foran mariñeiros de Arousa que viñan nunhas embarcacións moi parecidas ás dornas e que se denominaban <*mecos*> e que alí, posiblemente fondeados, facían de comer nas propias embarcacións utilizando unha pedra redondeada onde con moito coidado facían o lume para cociñar.

Nesas augas do barrio de Pereiró atópanse unha serie de pedras coñecidas como *Pedras das Praquetas, dos Serráns, a Mexiloeira*,..., e noutras partes da Illa *Rego dos Besugos, Pedra das Bogas, Pasante dos Robalos*,..., *O Centulo, Illote do Centulo*,..., que nos falan dos peixes, crustáceos e moluscos que abundan nesas rochas e que representan unha marca de pesca.

Moi interesante é o topónimo *Charrúa* ao que acompañaba o nome da persoa que era dona dese terreo: *Charrúa do Roxo, Charrúa de Cambados, Charrúa de José de Vicente*,... Sobre este topónimo danos Cabeza Quiles un posible argumento dicindo que: “*Poderían ser terreos de mala calidade por pedregosos e precisarían para traballalos un arado do tipo <charrúa> máis forte có de madeira*”.

Outro topónimo novo que atopamos en varios sitios da Illa é o de *Vixía*, polo normal, nun alto. Así temos o *Alto do Vixía* situado no que hoxe chaman o Miradoiro de Fedorentos; *Cons do Vixía de Liñeiros*, mesmo enriba da Praia de Liñeiros. Eran zonas altas empregadas para vixilancia e observación.

No de Fedorentos para alertar da presenza de barcos da Armada que poderían vir tanto da ría de Pontevedra como da de Vigo, cando se andaba a artes prohibidas, tamén era utilizado para este cometido o Alto do Cerrado, na zona norte da Illa, para controlar a chegada de barcos da Mariña que poderían vir da ría de Arousa.

O de Liñeiros era empregado polos vixilantes do percebe para controlar esa zona de doado acceso e rica en percebe. Tamén xorden nomes debido a labores de vixilancia oficial, así temos *As Baterías, O*

Destacamento, A Caseta dos Gardas, que daban fe dunhas casetas que se montaron, durante a Guerra Civil Española, na zona que está entre a praia de Melide e a Cova do Lobo, xusto no piñeiral hoxe desaparecido de Cova do Lobo, onde militares franquistas facían garda para vixiar a entrada de barcos polo Centulo. Tiñan unhas quendas de garda e durmían e realizaban vida no Faro.

A abundancia de londras deu pé a varios topónimos como *Buraco das Londras, Rego das Londras, Cova das Londras* en diferentes lugares da costa leste e oeste. Ao igual pasa cos Cormoráns ou Galos Mariños, tamén a súa abundancia e vida nos cantís deron pé a un bo número de nomes, *Con dos Galos, Niño, Illote e Rego do Corvo, Con Cagado, Con dos Galos Mariños*, que ten que ver ca cor branca das rochas debido as defecacións dos Galos Mariños.



Vistas dende o alto do Vixía en Fedorentos

Chaman a atención preto da Laxe do Gaiteiro os topónimos *Laxe e Regos do Porco Morto* que parece ser que un porco que desaparecera do seu cortello, foron atopalo morto nas augas dese cantil por uns mariñeiros illáns que andaban ao polbo.

Os encallamentos ou naufraxios deron nome a moitos lugares das Ons, tales como: *Onde embarrancou o Cíclope, Rego do Cíclope. Onde foi o Martuxa, Rego do Martuxa, Onde apareceron os Homes* (do Martuxa). *O Submarino, Rego do Submarino*. Na zona noroeste da Illa coñecida como Pendente dos Campos, veu o seu topónimo relegado polo de *Onde Morreron os Homes* despois da trágica morte de dous mariñeiros dun barco de O Grove



O Buraco do Inferno

<Larexo>, ao irse a pique, por mor dun golpe de mar, a pequena chalana na que andaban a abalar á pesca do robalo.

Algúns naufraxios obrigaron a tarefas de vixilancia. Así pasou co remolcador da Armada <Cíclope>, encallado na Onza e que obrigou á construción dun caseta para resguardo dos mariños e vixilancia do buque. De aí os topónimos *A Caseta*, *Punta debaixo da Caseta*, *Picotos debaixo da Caseta*.

E xa para rematar este repaso a un pequeno grupo de topónimos illáns <novos> que unidos aos que faltan, máis os <vellos>, sumarían un total de case 1000. Imos ver algúns curiosos como *O Rego da Lancha* e *Con do Pau*, ao carón do peirao e que era o lugar onde Didio Riobó deixaba o seu galeón e o pau onde o amarraba. *Praia das Dornas* que suplantou ao vello de Praia do Almacén ao ser o lugar onde varaban as dornas os illáns. *Trincheira dos Mouros* un pequeno cercado preto do Castelo da Rueda dende onde se defendían os illáns cando eran atacados ou dos posible asaltantes que ían a facer augada á Fonte dos Ingleses.

Fonte dos Porreiros, os veciños bautizaron así a unha baixada de auga preto da praia de Melide a onde ían a coller auga e a ducharse os campistas de Melide nos anos 80 s. XX. *Onde caeu Milucho*, *Pendente Onde caeu Pepe de Trumán*, *Onde Morreu o Xeno*,..., lugares do cantil con outros topónimos vellos pero que colleiron o novo pola importancia da circuns-

tancia que ocorreu. *Onde embarca a Herba* pequeno saínte da parte sueste da Illa de Onza, onde esperaban as dornas para embarcar a herba que ían a coller a Onza.

Con Negro lugar da praia de Canexo onde foi dar o albo de prácticas que levaba o remolcador Cíclope ao encallar en Onza. *Cova das Vacas* lugar de Chan da Pólvora onde soterraban as vacas cando morrían dalgunha enfermidade...

Como podemos comprobar neste pequeno resumo-exemplo, os nomes da Illa danos un mundo de información sobre a historia, a antropoloxía, a fauna, sucesos,... Falaba de que os topónimos teñen vida, pero esta dura o tempo que os mantén vivos na memoria, tan pronto se deixen de empregar van sufrir un proceso de esquecemento que en nada, faraos desaparecer. Pero se os nomes desaparecen axiña, máis rápido se perden os motivos polos que xurdiron.

Aquí está o traballo dos investigadores. En pouco en Ons, non haberá quen saiba darnos un por que de cada topónimo, perdéndose con iso un anaco máis da Cultura Popular da enigmática Illa de Ons.



Ons no mapa de Francisco Coello 1856



DEVORAR corazón de ouro, chave de peixe.

NOS bufos, nas baleas, nos lobos enormes, na soidade, no deserto, en Death Valley, nas flores terrosas, silvestres, areas, na saída, na fuxida ós océanos, no final. Summer. Nas abellas. No estripeiro. Nas bolboretas verdes. Na pel. E agárdasme no acuario, entre os peixes, no cloroformo.

SUAVIDADE. León mariño. Rosa silvestre. Transgresión. Trenza. Ante. Winter. Onda o mar. My favourite. Xardín de sebes. Tolemia. Lovely, my little pony.

Lucía Novas

(do libro *Cervatos*)

Barcos ingleses e españois na guerra contra os franceses 1809

Xerardo Dasairas

A perda das batallas navais de Fisteria e de Trafalgar deixarían moi mermadas as flotas de guerra de Francia e de España que daquela eran países aliados contra Inglaterra. Asemade, o resto de barcos da armada española en activo estaban ocupados en América tentando sofocar as rebelións que se producían nas colonias. Xa que logo, durante a chamada Guerra da Independencia contra Francia, os avatares bélicos en Galicia vanse desenvolver en terra, cedéndolle o protagonismo no mar á Royal Navy inglesa que xa viña destinando varios dos seus barcos a transportar tropas cara a Portugal primeiro e a apoiar a resistencia galega contra os franceses, despois.

En maio de 1808, cando comeza a guerra, a Real Armada de España contaba cun total de 229 buques entre eles 42 navíos dos que 17 pertencían ao departamento de Cádiz; 12 ao do Ferrol (onde se construían o *Real Familia*, o *Emperador* e o *Tridente*) e 13 ao de Cartaxena. A metade foran botados entre 1770 e 1780, pero unha cuarta parte procedían do decenio de 1750, sendo o máis vello o *África* (1752) e o máis moderno, *El Montañés* era de 1794.

A Armada completábase con 30 fragatas; 13 en Cádiz, 8 en Ferrol y 9 en Cartaxena. O 35% destes últimos barcos estaban desarmados e só estaban artillados a metade dos do total da Armada pero se se inclúen outros factores, o número de navíos e fragatas operativos aínda sería moito menor.



Navío de liña Salvador del Mundo de 112 canóns botado no Ferrol en 1787

O resto da Armada estaba composto por 20 corbetas, 50 bergantíns, 15 urcas, 4 xabeques, 38 goletas e outras embarcacións menores. A isto hai que engadirlle as contiosas débedas de 410.139.246 reais que acumulaba a Mariña e as 16 pagas que se lle adebedaban aos mariños.

Un dos primeiros barcos protagonista nesta contenda foi o navío francés *L'Atlas* de 68 canóns que foi apresado en Vigo en maio de 1808 ao non ter noticia da rebelión contra as tropas de Napoleón. Este navío fora construído en Cartaxena polo sistema inglés en 1752, sendo proxectado por Edward Bryant.



Plano do Atlante

Bautizouse co nome de *Atlante-San José* e cinco anos despois forraron a súa quilla con planchas. En 1801 foi transferido á Mariña francesa sendo rebautizado como *L'Atlas*. Logo da súa captura volveu á Armada española co antigo nome e serviu nela ata 1817.

Como dixemos, o navío de liña *El Montañés* era o máis moderno barco da armada española e fora construído no Ferrol con cartos de comerciantes desta zona de Cantabria de onde tomou o seu nome. Este barco de case 53 metros de eslora ía armado con 74 canóns e a súa obra viva estaba forrada con 2.400 planchas de cobre, o que o facía moi singular. Como dixemos fora botado en maio de 1794 e entrou en servizo en 1795 ao mando de José Quevedo, pero nunca intervira en Galicia, sendo a captura da es-cuadra francesa de Rosilly o 14 de xullo de 1808, unha das súas máis sonadas accións de guerra.



Fragata inglesa HMS Jupiter

O continuo carrexo de tropas inglesas cara a Portugal desde decembro de 1807 provocaría que as costas de Galicia fosen moi frecuentadas pola Royal Navy xa en tránsito ou no desembarco das tropas de Moore e Baird na Coruña.

Neste contexto bélico inicial, os barcos ingleses comezarían tamén a vixilar as costas galegas e un deles, a fragata de guerra *HMS Jupiter* de 50 canóns había naufragar nas Cíes por unha via de auga o 10 de decembro de 1808, salvándose toda a tripulación. Este barco da clase Portland estaba considerado como un dos navíos máis rápidos da flota inglesa e a pesar de estar tamén forrado con planchas de cobre na obra viva, isto non lle evitou o desastre.

Cando naufragou xa contaba con trinta anos de servizo (botado en 1778), tendo participado en numerosas accións de guerra. Traemos este barco a conto polo expolio, controlado en parte polas autoridades, que se fixo dalgúns elementos do mesmo e que foron almacenados na Axudantía de Mariña de Cangas dando lugar a unha reclamación dos mesmos polos franceses cando ocuparon Vigo. O coñecemento da ubicación deste material bélico veu da man do avogado cangués Manuel Rodal que estaba enemistado daquela co alcalde de Cangas José María Sequeiros e que por isto, por levar algúns asuntos corsarios (incluso do pirata Benito Soto) e polo seu talante liberal foi acusado de afrancesado.



G. McKinley

Desde os comezos de 1809, a Royal Navy había ter un papel moi importante e pouco valorado, na expulsión dos franceses de Galicia facilitando o suministro de armas, víveres, cartos, munições, trasvases e desembarco de tropas (Ferrol) en diversos momentos dos enfrontamentos que se deron en lugares como Muros, Corcubiión, Vilagarcía, Marín, Vigo, Santiago, Pontevedra e Pontesampaio . Os barcos destinados a esta misión e con presenza permanente nas rias de Vigo, Pontevedra

e Arousa foron as fragatas *Lively* e *Venus* e as *Endymion*, *Loira* e *Confiance* que bloquearon os portos de Muros e Noia. Estes tres últimos barcos tiñan orixe francés, o primeiro imitado e os outros dous capturados.




Fragata HMS Endymion e Corveta Confiance

A corveta *Confiance* foi apresada na toma de Muros, episodio que orixinou o dito local *A confiansa levouna o inglés e volveu para amolarnos* pois antes como barco francés traía a este porto as presas do corso. A *HMS Lively* era unha moderna fragata de vixilancia e interceptación de 38 canóns, botada en 1804 como prototipo dunha serie desta clase das que se fixeron ata quince xemelgas pola súa eficacia. Esta fragata, xunto con outras tres, atacaran no cabo San Vicente a unha flotilla española de catro naves, afundindo unha e levando as tres restantes a Xibraltar, o que provocaría que España lle declarase a guerra á Gran Bretaña o 14 de decembro.


Feitas as paces e xa nas operacións contra os franceses en Galicia en 1809, a *Lively* estaba mandada polo almirante escocés G. McKinley quen xa tiña participado en xaneiro no operativo de evacuación das tropas de Moore na Coruña. O primeiro de marzo deste ano tamén se vai encontrar en

Navío español de 72 canóns




- 1-Camarotes dos pilotos. 2-Camarotes para oficiais na toldilla. 3-Galería. 4-Cámara alta e alacenas para as armas. 5-Camarote do comandante na cruxía. 6-Capela. 7-Mamparos de camarotes de oficiais (desmontables en caso de combate). 8-Roda do temón e gardiáns. 9-Bitácora. 10-Escala e propao da toldilla. 11-Rede para os petates (cois), alcázar e a súa batería. 12-Varanda e rede para os petates (cois). 13-Propao do castelo e campana de proa. 14-Cabestrante do castelo. 15-Serviola e beques para oficiais de mar. 16-Beques para a xente de mar. 17-Beques para a xente de mar. 18-Pescantes para as amuras do trinquete. 19-Tallamar. 20-Forno. 21-Fogóns. 22-Cabestrante do combés. 23-Combés e 2ª batería. 24-Chillera para balas. 25-Escotilla maior. 26-Escotilla da despensa. 27-Cabestrante maior. 28-Escalas cámara baixa e santabábara. 29-Repostería. 30-Camarotes de oficiais na cruxía. 31-Cámara baixa. Cana do temón. 32-Camarotes de capeláns. 33-Xugo principal. 34-Santabábara. 35-Rancho de gardamariñas. 36-Carlinga do pau de mesana. 37-Bombas de achique. 38-Entreponte e primeira batería. 39-Escotilla de popa. 40-Bitas e cable. 41-Carlinga do pau bauprés. 42-Caixa de augas para os derrames. 43-Branque ou roda. 44-Pañol do contramestre e entrada aos canellóns de combate. 45-Pañol de velas. 46-Pañol do carpintero, calafate, sangrador e faroleiro. 47-Sollado e canellóns de combate. 48-Caixas de balas. 49-Pañoles para o pan. 50-Escotilla do pañol de pólvora. 51-Pañol de xarcía do condestable. 52-Codaste. 53-Timón. 54-Sitio do farol no pañol da pólvora. 55-Sitio para encartuchar. 56-Sitio e estantes para cartuchos de diferentes calibres. 57-Pañol da pólvora. 58-Despensa separada por mamparo de ladrillos da pólvora. 59-Pipas de viño. 60-Barricas de carne, queixo e touciño. 61-Caixa de augas para as bombas. 62-Carlinga do pau maior. 63-Tablado desmontable para os cables. 64-Adega e augada. 65-Lastre de pedra e lingotes. 66-Leña e barricas de breia e alcatrán. 67-Pañol del contraestre. 68-Carlinga do pau trinquete. 69-Sobreplanos. 70-Cuaderna maestra. 71-Sobrequilla. 72-Quilla.


Navío español de 72 cañóns




1-Pau do trinquete. 2-Frontón do castelo e canóns de mira a popa. 3-Cabestrante do castelo e campá de proa. 4-Batería do castelo e mesas de gornición do trinquete. 5-Cabestrante do combés. 6-Fogón. 7-Portas para sair aos beques de proa. 8-Escalas dos pasamáns. 9-Batería 2ª ou do combés. 10-Amesma cos canóns en retirada. 11-Canóns 1ª batería. 12-Os mesmos batiportados. 13-Bitas e cables. 14-Caixa de escotilla de proa. 15-Pañois do carpinteiro, calafate, sangrador e faroleiro. 16-Canellóns de combate. 17-Adega e augada. 18-Pé de carneiro para baixar á adega. 19-Lastre. 20-Sobreferro interior. 21-Quilla. 22-Cuaderna mestra. 23-Sobreplans. 24-Fitas principais. 25-Liña de flotación.




1-Temón. 2-Portas dos canóns gardate-móns. 3-Varandal. 4-Espello de popa. 5-Coroamento. 6-Forro de planchas de cobre. 7-Liña de flotación. (Por enriba dela encóntrase a obra morta, por debaixo a obra viva). 8-Primeira batería.



1-Primeira batería. 2-Segunda batería. 3-Frontón de proa. 4-Tallamar. 5-Bauprés. 6-Serviola. 7-Forro de planchas de cobre. 8-Liña de flotación.





HMS Lively

Ons con Juan Josef Caamaño, conde de Maceda para planificar as accións dos Patriotas Galicianos contra os franceses. Mac Kinley, polo seu rango foi quen se fixo cargo dos prisioneiros, asinando a rendición dos franceses de Chalot en Vigo, participando tamén a tripulación da *Lively* na liberación de



Fragata HMS Lively

Santiago. Esta fragata remataría a súa vida útil o 26 de agosto de 1810 ao bater contra unhas rochas cando escoltaba un convoi a Malta.

A *HMS Venus* foi a máis activa no suministro de armas e material a Gago de Mendoza, xefe das alarmas do Morrazo que conseguiron a liberación de Marín. Esta era unha fragata máis pequena, lixeira e antiga que a *Lively* pois fora botada en 1758, levando medio século de servizo cando operou nas nosas costas en 1809. En inicio, contaba con 36 canóns que se reduciron a 32 en 1792 para facela máis áxil e manobrable.



A Lively (esq.) combatendo cunha fragata francesa

Meses despois da súa presenza nas nosas rías mudaríase o nome a *Heroine*, sendo vendida para uso civil no 1822. Esta fragata estivo mandada aquí polo capitán, tamén escocés, James Coutts Crawford que estivera uns anos retirado da Royal Navy e non só participou no suministro de armas e material a Gago de Mendoza, xefe das alarmas do Morrazo coas que conseguiron a liberación de Marín, senón que tamén tivo unha parte moi activa no canoneo de Vigo, desembarcando mariñeiros e infantés de mariña para colaborar na toma da cidade e participando máis tarde na batalla de Pontesampaio contra o marechal Ney.



J. Coutts Crawford

A Crawford foi a quen realmente se rendería Chalot en Vigo, fixando os acordos da mesma pero, como dixemos, por cuestión de rango sería McKinley quen se levase os loureiros.



Artillería nunha fragata

As canoneiras de Xoan (*O do Juerto*)

Nas crónicas da guerra coméntase que Gago de Mendoza chegou a utilizar algúns dos seus barcos do curso na loita contra os franceses, aparecendo referentes ao seu uso cando milicianos das Alarmas do Morrazo que el mandaba, embarcaron en Cangas e outros puntos para o ataque definitivo a Vigo.

Desde a narración militar, fálanse da existencia de cinco ou seis canoneiras que intervirían tamén en varias accións de guerra nas rías, sendo tres destas embarcacións as utilizadas na destrución de dous arcos da Ponte de Sampaio para evitaren o paso dos franceses aos que combateron tamén desde o río Verdugo.



Juan O'Doherty



Peirao do Apostadoiro da Portela na actualidade

Estas tres canoneiras, barcos lixeiros tipo balandro ou galeón, ían armadas cun canón que disparaba desde as amuras de proa e, loxicamente, so podían facelo cara adiante ou lateralmente. Ao mando destas tres embarcacións estaba o alférez de navío de orixe irlandés Juan O'Doherty Browne que comandaba algúns homes do Sexto Reximento de Mariña do Ferrol.



Batalla de Pontesampaio

Este mariño nacera en Bolyborron con antecedentes nobres pero debido á persecución desencadeada polos ingleses contra os católicos, emigraría a España con outros seis irmáns. Xunto con dous deles, que morrerían combatendo, entrou na Armada e participou en numerosos combates navais. Con trinta anos cumpridos loitou en 1808 contra os franceses en Santander e A Coruña e logo foi destinado como alférez de navío ao chamado Apostadoiro da Portela en Redondela. Durante a súa estancia neste punto militar, casou en Redondela con María Josefa Macedo Salazar cuxo pai morrería loitando contra os franceses.

O'Doherty retirárase do exército en 1812 como Tenente de Fragata pero en 1823 foi nomeado Axudante Militar do Distrito de Redondela. Debido á dificultade para pronunciar o seu nome era coñecido popularmente entre os seus veciños redondeláns como Juan *O do Juerto*. O seu nome figura na lápida da tumba da familia Amoedo, os seus descendentes, ubicada no cemiterio dos Eidos.

As lanchas canoneiras

Estas pequenas embarcacións de 11 metros de eslora e 2,8 de manga, podían levar ata 44 homes e estaban construídas con fortes madeiras, ben trabadas e blindadas montando un canón de gran calibre. Estreáronse no asedio de Xibraltar debido a unha iniciativa do xeneral Barceló e en principio foron causa de burla por parte dos ingleses pero debido á súa manobrabilidade e uso nocturno, os británicos pronto mudaron de idea ao se converteren nun auténtico pesadelo.

A súa denominación oficial era a de *lanchas de forza*, integrándose nas chamadas *forzas sutiles* e pronto foron imitadas polos franceses que as denominaron como *flotille à l'Espagnol* e polos ingleses que as nomearon como *flotillas of gunboats*. A forza destas lanchas canoneiras baseábase en actuaren en pequenos grupos ou divisións á vez, pois en conxunto alcanzaban a potencia de fogo da batería dun navío. Cando non había vento, usaban dos remos para colocárense en posición, aproveitando a lentitude de manobra dos grandes barcos.



Lancha canoneira

Salvados por Pablo Neruda

A odisea do Winnipeg


Salvador Rodríguez

*Que la crítica borre toda mi
poesía, si quiere, pero que no se
olvide nunca de este poema...*
(Pablo Neruda)

Pancho de Pita no puido ter nas súas man o libro no que se narra a peripecia vital do seu pai, Vicente, e dos seus tíos José e Manuel. Sen embargo, a súa vida si que lle alcanzou para ler o borrador que Hixinio Puentes lle fixo chegar da novela “Winnipeg”, baseada en feitos e testemuñas reais dun episodio histórico: o da odisea do Winnipeg, un barco fletado polo poeta Pablo Neruda que, o 4 de agosto de 1939, zarpaba dos peiraos de Pauillac (Burdeos) rumbo a Valparaíso (Chile).

O seu “cargamento” eran 2.078 homes, mulleres e nenos, todos eles refuxiados españois da guerra civil e, na súa meirande parte, procedentes dos campos de concentración franceses. Tratábase dunha coxuntura histórica moi delicada porque, por unha banda, Francia non sabía qué facer cos milleiros de exiliados republicanos españois e, por outra, sospeitábase que os tanques alemáns xa se preparaban para avanzar cara a territorio galo: Rematada a guerra en España, o mundo contemplaba como estalaba a Segunda Guerra Mundial.

Malia que hai historiadores que sosteñen que non todo o mérito da “operación Winnipeg” se lle debe atribuir a Neruda (tamén xogou un papel decisivo o ministro chileno Abraham Ortega e dise que, en grande medida, a financiación da viaxe correu a cargo do Partido Comunista francés vía URSS), o certo é que a idea de “salvar españois” foille transmitida



O cargueiro Winnipeg

ao daquela presidente de Chile, Pedro Aguirre Cerdá, polo escritor de Isla Negra, quen, durante a súa carreira diplomática, tivera sido, sucesivamente, cónsul en Madrid, Barcelona e París. Era, xa que logo, un hombre que coñecía o terreo e, por engadidura, está confirmado que tanto él como a súa esposa naquela altura, a arxentina Delia del Carril, supervisaron persoalmente todos os preparativos, incluídos os da selección da pasaxe. Porque, aínda que no Winnipeg embarcaron 2.078 persoas, as solicitudes sobrepasaban as 10.000.

Pablo Neruda, asemade militante do Partido Comunista chileno, mantivera durante a súa estancia en España unha estreita relación política, cultural e personal coa intelectualidade española republicana, e sentírase especialmente doído polo asasinato do seu amigo Federico García Lorca.

Porén, entre os pasaxeiros do Winnipeg atopábanse o historiador Leopoldo Castedo, o tipógrafo Mauricio Amster, o médico José Ortiz Zubia, o drama-

turgo Luis Fernández Turbica, os pintores Roser Bru e José Balmes... pero tamén centos de obreiros, mariñeiros, labregos... “*Sí, tráigame millares de españoles. Tráigame pescadores, tráigame vascos, castellanos, gallegos, extremeños... Tenemos trabajo aquí para todos*”. Esa foi a reacción do presidente Aguirre Cerda á proposta do “barco da esperanza” de Neruda.



A bordo do Winnipeg

A Hixinio Puentes contoulle Pancho de Pita que os tres irmáns Pita Armada sabían, xa desde o campo de concentración no que estaban confinados, da existencia daquela operación de salvamento de refuxiados mediante un anuncio na prensa, e que fora unha das súas cuñadas quen lles fixera chegar desde España, os cartos suficientes para poder formar parte daquela obrigada e selectiva pasaxe, Porque, en realidade, ao Winnipeg houbo que habilitalo para que puidesen viaxar 2.000 persoas cando o vello vapor, un cargueiro, non estaba preparado para que viaxasen nel máis de dúas ducias de pasaxeiros.

Vicente, José e Manuel Pita Armada, nados en Cariño, eran tres dos once irmáns, fillos do matrimonio entre Luis Pita e Asunción Armada, propietarios dunha fábrica de conservas e salgado que daba emprego a mariñeiros e traballadores da vila. Esta circunstancia, porén, non fora obstáculo para que o irmán primoxénito, Manuel, conscente das duras condicións de traballo que sufrían mariñeiros e obreiros, se erixise nun dos principais impulsores da fundación, na costa norte de A Coruña, do Sindicato de la Industria Pesquera, central federada á CNT que nos anos 30 era la principal forza sindical entre os traballadores do mar a traveso da denominada Confede-

ración Regional Galaica, de rumbo inequívocamente anarquista.

Na altura de 1936, o SIP contaba con 1.200 afiliados e os irmáns Pita eran os seus principais líderes. Cando do alzamento contra a Segunda República, os sindicalistas de Cariño intentaron defenderse, pero a resistencia, ao igual que pasara no resto de Galicia, durou moi poucos días. Desta maneira os tres irmáns Pita, futuros pasaxeiros do Winnipeg, en vista da situación, decidiron secuestrar un bonitero vasco que acababa de atracar no porto, o Arkale, e fugarse navegando pola costa cántabra ata chegar a Bilbao, para acabar en Francia despois, unha vez caída tamén a fronte norte do exército republicano.

En Cariño quedaron os outros irmáns varóns da familia, Luis, Francisco e Antonio, e conta Óscar Gómez Mera, amigo persoal de Pancho de Pita, que “estes irmáns non se uniron á fuxida porque querían cuidar do resto da familia e porque crían que non lles pasaría nada”. “Eran da rama dos optimistas, dos equivocados, porque ao cabo os pesimistas eran os que tiñan razón”, puntualiza Hixinio Puentes. Porque o que aconteceu foi que, tras o trunfo dos franquistas, e seguindo o testimonio de Pancho, a estes tres irmáns “*leváronnos a Ferrol e ali os asesinaron*”.



Os irmáns Pita

Cando os levaban presos polas rúas de Cariño, un individuo que se atopaba na porta da súa casa chamou polos falanxistas e díxolles: *¡Volved a sus casas y llevaos también a las crías (polas irmáns) que no quede nada de ellos!*”. E ás irmáns non as mataron, pero fixéronlles a vida imposible, ata o punto de que tiveron que marcharse a vivir á Coruña para escapar dos seus inimigos, os novos amos de Cariño.



Pablo Neruda e o Winnipeg

Dos tres irmáns que o 3 de setembro de 1939 desembarcaron do Winnipeg en Valparaíso somentes volveu a España un, Vicente, máis fíxoo fugaz e cáseque clandestinamente en 1966 para asistir á voda do seu fillo Pancho (Pancho de Pita). A éste, por certo, tamén o alcanzou o brazo represor do réxime dos novos amos: sentíndose acosado en Galicia,

súa axenda, Puentes ten apuntados nomes como os de Celestino e Bernardino Carrillo, José Castro Amigo, Francisco e Pedro Fariña Chouciño, Miguel Garrido Blanco, Jesús Garrido Garrido, Ramón Arcay Novo... “Cónstame -confirma Puentes- que houbo moita xente de Malpica que logo sería a que puxera en pé a industria da fariña de peixe en Chile... Doutrós sábese que, tras recalar en Chile, marcharon para Arxentina e Uruguay, países nos que tiñan parentes. E dalgúns non se soubo, alomenos historicamente, nada máis”.



en 1967 emigróu coa súa muller a Francia, pero contaba que alí, vixiado por axentes secretos da policía española, foi rexeitado para traballar nunha das factorías de Citroën “polos informes negativos que lles filtraran as autoridades locais”. Pancho non retornaría definitivamente a España ata o ano 1978.

Os irmáns Pita Armada no foron os únicos galegos pasaxeiros do Winnipeg. Hixinio Puentes calcula que deberon ser uns 20, a meirande parte deles coruñeses das comarcas de Malpica e Bergantiños. Na



Exiliados españois en Chile

O bichero

AVILA



Combate naval en Beluso hai 198 anos

Lino J. Pazos



O primeiro cuarto do século XIX non é precisamente grato de lembrar: Batalla de Trafalgar, perda das colonias americanas, guerras contra franceses e ingleses... Corrían tempos difíciles, o país, lentamente, recuperábase dos danos ocasionados pola invasión napoleónica e posteriores escaramuzas entre constitucionalistas e afrancesados... Mentres, a economía non lle daba moitas alegrías aos sufridos galegos que, lonxe da corte, vían como as súas augas eran percorridas impunemente por corsarios insurxentes americanos sen escrúpulos, que o mesmo apresaban os barcos que se atrevesen a cruzarse nas súas derrotas, ou se dedicaban simplemente ao lucrativo negocio do contrabando, facendo base en Gibraltar.

Había uns meses que un dos pataches que desde Marín se dirixía a Cádiz, fora apresado pola corbeta

insurxente Bolívar, de 14 canóns e un centenar de carcamáns ao seu bordo, cando navegaba ao longo da costa portuguesa, despoixándoo de todo o que lle puido interesar, pero respectando as súas vidas.

Para combater esta lacra que lle costaba cada ano ao depauperado erario público unha boa cantidade de diñeiro, o Goberno repartía con suma facilidade Patentes de Corso, que permitirán distraer desas funcións aos poucos barcos de que dispoñía a nosa Armada, beneficiando ademais aos armadores que, en moitos casos, lle dedicaban maior atención a este “negocio” que ao da pesca ou cabotaxe.

Un destes buques era o *Hermosa Rita*, matriculado na Coruña, dunhas 150 toneladas de rexistro, armado con catro canóns por banda e dúas pezas menores en colisas nas amuras, ademais dunha en popa que protexese as retiradas.

Este navío, aparelhado de bergantín, cunha dotación que superaba os cincuenta homes, tiña a súa base no porto de Corcubión, zona de paso dos buques que fan cara ao porto herculino e na ruta de Inglaterra, polo que eran continuas as súas intervencións co fin de comprobar, debido ao dereito de visita que lle asistía, se a mercadoría transportada contaba coa correspondente guía.

O día sete de abril de 1822, ás catro da madrugada, cando a tripulación se atopaba descansando sobre a cuberta e a garda adurmiñaba sobre a ponte e toldilla, o capitán dun quechemarín que viña de Marín solicitou parlamentar cos oficiais do *Hermosa Rita*, comunicándolles que vira como uns barcos sospeitosos se situaban nas inmediacións de Beluso, ao abrigo de Punta Cabalo, posiblemente contrabandistas.



O zafarrancho non se fixo esperar, levantouse a áncora e cazáronse as velas mentres a ventolina os empurraba cara á canle que separa as temibles Lobeiras do Finisterre.

Durante o tempo que durou a navegación ata a costa pontevedresa, fóronse preparando as pezas de artillería, dous dos canóns de cada banda, e cargando con bala as pezas da amura, por se foran precisas.

O capitán Varela mandou abrir o armeiro e encargoulle ao seu segundo, Benito Fernández, que distribuíra entre os homes, previamente escollidos, al-

gúns fusiles e sables de asalto, nunca se sabía con quen te podías atopar, aínda que imaxinaba que se trataría dalgún contrabandista transbordando mercadorías a outros barcos máis pequenos dos pobos limítrofes.

Deixando a illa de Sálvora por babor, dirixíronse en dereitura a Punta Seame, para desde alí, sen ningunha luz a bordo que os puidera delatar, e a todo trapo, coller desprevidos aos contrabandistas.

A noite era escura e o golpe de efecto estaba asegurado; o que non se esperaba o capitán Varela era encontrarse con catro embarcacións de considerable porte; e sen dubidar de que se trataba de simples contrabandistas e os seus clientes, izaron a bandeira española na perica do pau maior afirmándoa cun canonazo, mentres orientaban as colisas cara os barcos fondeados ao resguardo do Cabalo de Beluso.

Pero os que consideraba barcos menores, non eran tales, senón que, postos en liña de combate trataron de coller barlovento, rompendo o fogo dende o *Hermosa Rita* coa colisa de proa, “*contestando aquellos todos tres con las suias y tirando con bala recia; la polacra que hacía de capitana, cuya fuerza consistía en nueve cañones y cien hombres de guerra, su comandante, un tal Mitre, al parecer de nación Italiana, izó bandera de dos listas azules a los lados y blanca al medio; la goleta cuyo capitán era Antonio Sebastián, de la misma nación, y su fuerza cuatro carronadas y dos cañones de a nueve, su tripulación treinta hombres, largó la misma bandera, acompañándoles la otra polacra de su capitán Tomás al parecer igualmente italiano, con bandera azul y un cuadro blanco en el medio, fuerza ocho cañones y dos miras (colisas) a proa, con cuarenta hombres*”¹, Mentres, o queche parecía manterse a marxe da loita.

A sorte tornábase contraria para o noso buque, que se viu na necesidade de retirarse do lugar ante a incontestable superioridade artilleira dos seus inimigos.

1 AHP. 3243. F. 20. José Benito Arís

Como o vento cesase por completo, o que dificultaba a fuxida, botaron ao mar a lancha de visita que, a forza de remos, remolcou o bergantín cara á ría de Aldán, pola súa proximidade, onde pensaban encontrar refuxio e apoio dos barcos alí fondeados, esperando que os corsarios insurxentes non os perseguisen.

Pero todo foi en balde, os corsarios, ávidos de vinganza, déronse á vela tras el, disparándolle cos seus canóns xiratorios, mentres o *Hermosa Rita* se batía en retirada contestándolles coa colisa de popa pero, unha vez no interior da pequena ría, os barcos que xa se declararan como insurxentes ao izar as súas bandeiras, incluso a de combate, con ducias de carcamáns sobre as xarcias disparando mosquetes e ameazándoos con abordalos e pegarlles lume, canoneáronos a pracer dada a súa manifesta maior capacidade de fogo.

Á vista disto, o capitán Varela, despois de celebrar consello cos seus oficiais, mandou a un deles na lancha a parlamentar, con bandeira branca e con catro mariñeiros aos remos.

“Acercándose al barco de Mitre los parlamentarios fueron retenidos a bordo mientras continuaba el castigo que les infligían los cañonazos y la fusilería, acordando con el que parecía comandante de los insurgentes el que les perdonaran la vida, entregándoles el barco como garantía.”

En el primer momento el capitán Mitre arrió su bandera roja, pero el capitán Tomás, y el Antonio Sebastián, a vela y remo venían sobre ellos prosiguiendo el vivo fuego con las miras de proa y tirándoles con bala y metralla que les cruzaba; a vista de que se retiró el bote y reconocido por los que declaran el ningún remedio y que las intenciones del enemigo eran de quemarle según sus demostraciones y la fuerza del fuego que les hacían estando enteramente indefensos, y concluido por ellos su fuego, por segunda vez mandaron el bote a parlamento a la capitana de Mitre, quien lo recibió, pero los otros dos buques con la bandera roja a proa gritaban que no se admitiese el parlamento diciendo: ¡a bordo a

quemar a estos piratas!, y ¡no hay que darles cuartel a nadie!, hasta que el capitán Mitre los contuvo, remitiendo el bote con los marineros, quedándose con el oficial que fue al parlamento, y a la orden de que pasase también el capitán (Varela) a bordo con sus documentos, advirtiéndoles que si el bergantín no estaba autorizado de Guarda Costa (no era un buque de guerra) no daba cuartel a nadie y que enseguida le daba fuego”.

Inmediatamente pasou o capitán Varela a bordo do barco do Mitre, seguindo os outros dous corsarios facéndolles fogo; *“a poco rato arriaron los dos las banderas rojas a proa, quedándose con las insurgentes a popa, mientras, a bordo de la capitana donde se hallaba el capitán del bergantín hicieron señales para que travesasen (se pusieran en facha)*



este, y aún con la bocina les gritaban para lo mismo, y creyendo era dispuesto por el capitán así lo hicieron, pero resultó lo contrario, pues tanto el capitán como a los dos oficiales los habían arrestado a bordo, despreciando tanto la Patente de Corso, como los demás documentos, tratándolos con el mayor desprecio, y como enemigos.

De allí a poco, hallándose travesados, llegaron las dos polacras al costado del bergantín, y les echaron una descarga de metralla y fusilería, arrojando



a bordo alguna granada de mano en términos que les dejaron toda la maniobra destrozada, y enseguida saltaron a bordo maltratando a cuantos encontraban sobre cubierta, y tratándoles no como a prisioneros, sino peor que si fueran piratas, arrinconándoles en la bodega, y amenazándoles que en aquel día todos iban a morir. Enseguida cogieron a uno de los marineros de dicho bergantín, lo ama-

rraron a proa, y todos después de amarrado saltaron a sablazos con él, diciéndole que iba a morir ahorcado, y el capitán Mitre dijo que él quería ser el Berdugo (sic), pues tenía a mucha honra servir de tal para ahorcar a un pícaro, y que enseguida lo había de hacer igualmente para todos los oficiales y demás tripulantes”.


Coa tripulación do bergantín presa na bodega, e o capitán e dous oficiais a bordo do Mitre, continuaron as ameazas e malos tratos ata as cinco da tarde en que se reuniron todos os oficiais dos tres buques insurxentes e acordaron botar á xente a terra e queimar o barco, ordenando que arriara o pavillón español, pero tanto o oficial ao mando como os seus tripulantes opuxéronse en tal grado, que tiveron que ser os corsarios os que a arriaran, “*atropellando el pabellón Español del modo más escandaloso*”.

Por fin, a oficialidade do *Hermosa Rita* foi conducida a terra, desembarcándoa sobre as pedras da costa onde serían atendidos polos veciños que presenciaban o combate desde as alturas do Cabalo e as praias que festonan a ría, e que os conducirían a Beluso. Como testemuñas ante o Comandante do Resguardo Militar de Bueu, onde presentaría o capitán Varela a correspondente Protesta de Mar, figuraban, Francisco Solla, veciño de San Ciprián de Ardán, e Francisco López e Juan Billar (sic) de Bueu.

* Os grabados figuran no libro “Historie des Nau-fragés, edición de 1821, de J. B. B. Eyriés, e “Los hijos del Capitán Grant”, de 1879, de Jules Verne, ambos á vosa disposición na miña biblioteca.



Bergantín



Polacra

Trazos do popular na obra de Maruja Mallo: O Caderno de Bueu

Xaime Toxo

Hai catro anos, no verán do 2016, levouse a cabo na Sala Amalia Domínguez de Bueu un proxecto expositivo que se anunciou co equívoco título de O INVISIBLE TEN SOMBRA. Tratába esa mostra de documentar e conxugar memoria, oralidade, espazo paisaxístico e patrimonio. A posibilidade de unir o presente coa serie de acontecementos que conformaran unha parte da nosa historia como comunidade, grupo social, pobo..., a colectividade humana circunscrita a un territorio que a través das súas representacións posúe consciencia antropolóxica de si mesma.

O dezo argumental, o fío que posibilitaba entrar e saír do labirinto expositivo, pretendía establecer, elaborar e artellar un xogo entre o visible e o oculto, entre o material e o inmaterial, escoitar os latexos acompasados que abalaban entre o que necesita un soporte físico: fotografías, ilustracións, obra plástica, obra escrita e o que exclusivamente soporta a memoria: os recordos, as sensacións, a intuición do paso do tempo, as conversas, o pouso anímico das experiencias, os intres dedicados á contemplación e a reflexión que traen consigo. O simbólico e o real, o que só deixou sombras e o que se salvou da desfeita, do derrube, da perda.

Unha das cuestións centrais da proposta sería de cantas maneiras diferentes podemos dialogar co pasado e como vai ser esa conversa. Un asunto complexo, xa que é ópticamente poliédrico debido as

múltiples olladas que cada persoa establece cun feito a documentar, sexa este cal for, e a interpretación que fai do proceso, que -asemade- está influenciada polo soporte que o vai sustentar e como se vai mostrar; por último, talvez o máis substancial, non



Maruja Mallo

limitarse só á certeza ou seguridade hibernada dos datos, das cifras, á severidade inamovible do evento, o lugar cargado de referentes ou os restos patrimoniais entendidos como arqueoloxía de enciclopedia; algo, por outra banda, que se entendía como necesario e ineludible.

A Historia, escrita con maiúscula, establécese como disciplina rigorosamente académica, baseada en investigacións contrastadas e comprobables. Mais non era ese o camiño a procurar. A pretensión que aguilloaba a mostra requiría dalgunha maneira da maxia e da ficción, saírse do puramente académico e que os feitos falasen e volvese adquirir presenza o humilde cotiá, que o subalterno se transformase en protagonista e que muros, pedras, camiños, areais ou chalanas contasen as mínimas historias que aínda agochaban; que as fotografías cobrasen da emoción alegre ou melancólica do previsto ou do casual; que o espazo inexistente ou modificado se transformase no escenario dunhas vidas habituais e correntes, e, sobre todo, que as voces volvesen ter cabida como memoria coral. Cando unha sociedade non entra en contacto co seu pasado, con tradicións e oficios, con relatos, sexan



individuais ou comunais, ou posúan a categoría de lenda ou mito, con calquera das múltiples narrativas que se utilizan para representar a realidade, daquela, de moitas maneiras, estase facendo un acto de disentimento coa verdade moral que xustifica a existencia dese grupo social. Estase poñendo en marcha unha extinción consciente dos compoñentes de identidade que lle concedían un valor intrínseco a esa maneira de vivir e o que fixeran esas persoas. Estase perdendo a transmisión espiritual con eles, cos membros desa comunidade fantasmal, as santas compañías que teñen que ver co actual moito máis do que imaxinamos, e pasamos a ser colaboradores da súa invisibilidade.

Hai un manto evolutivo que lle dá cobertura a isto, constituímonos como especie dotada de memoria e de linguaxe, non podemos zafar da curiosidade, do coñecemento, de facernos preguntas; fundamentalmente unha desde que adquirimos identidade como parte ou compoñente da nosa personalidade: quen son eu? Cuestión que necesariamente nos leva ao fío da temporalidade a través doutro enigma: quen fomos? Cando unha xeración adquire memoria de seu, decátase de que pertence a un elo histórico de xeracións, tamén se decata da fragilidade desa transmisión. Temos perspectiva cronolóxica porque somos testemuña do proceso de desaparición que supón o paso do tempo, a evaporación do pasado... ou a mistificación do mes-

mo. Podemos investigar sobre ese magma como se estiveramos nun laboratorio, observando unha mostra fosilizada a través dun microscopio, ou vivificar a lava e convertela en zume que pode seguir xerminando o presente.

A mutación sufrida nestas últimas décadas de comunidades de microcosmos vilegos e aldeáns, moi ligados ao territorio que as acollía, e as riquezas extractivas do mesmo, para constituírse en áreas urbanas dependentes dunha metrópole, fíxose na maior parte de Galicia acompañada dunha extinción masiva da cultura que sustentaba esas formas de vida e das manifestacións simbólicas e materiais que producira. Ese proceso viuse agravado á súa vez pola desaparición vertixinosa da lingua de seu dos habitantes deses espazos, aos que se lles coutou representar o mundo no código lingüístico propio, transformando o aturuxo, como metáfora de rebelión, en eco afásico sen outra alternativa que a extinción.

O proxecto expositivo O INVISIBLE TEN SOMBRA cobizaba facer visibles algúns dos engraxes da maquinaria que transformou o real en invisible e, ademais, testificar as consecuencias da aceleración por medio das representacións que foran ficando atrás, envoltas en silveiras de sombras, como as inservibles mostras dun pasado mudo. Material de museo, gabinete ou vitrina de curiosidades, mais tamén ruínas, refugallos, remen-

dos dun tempo de comunidades mariñeiras e agrarias, atlánticas, abertas ao mar, xente que construía barcos e navegaban a vela, vogaban e andaban corredoiras adiante, sementaban, labraban e alimentaban os animais cos que convivían e dos que se habían de alimentar. Culturas do esforzo que tras de si deixaran un legado material e inmaterial de inmensa e infinda capacidade evocadora.

O que se ganduxara, gravaba, fundía, cicelaba, tecía, raspaba, entrelazaba, pintaba ou cocía acompañaba ao que se falaba, contaba, recitaba ou escribía. O mundo artesanal dos obxectos, o que procede das mans, e o mundo sonoro, o que procede da fonación, trucaban o un no outro coa enerxía especular da creación e formaban un cosmos harmónico de xente e territorio sometido á tensión do ciclo histórico ao que lles tocara facerlle fronte. Estamos inseridos continuamente nunha dialéctica transparente de circunstancias e devires que dan lugar ás xeiras históricas.

O INVISIBLE TEN SOMBRA alicerzábase, xa que logo, como proxecto de diálogo entre dúas épocas de veciñanza próxima, a nosa e a inmediatamente anterior, e no xogo de intentar reverter a sombra en luz. Como, a través das imaxes de Anxo Cabada, os debuxos de María Méndez, os escritos de Xaime Toxo e a obra plástica de Antón Sobral, era factible constatar que determinados invisibles mantiñan as constantes vitais a pesar das amputacións sufridas. A contorna urbana e social de Bueu, radicalmente alterada nas últimas décadas, a unha aceleración superior seguramente a todos os cambios acontecidos desde que o núcleo urbano adquirira os seus compoñentes máis recoñecibles, constituía o plano do tesouro a documentar.

No nivel máis profundo o espacial paisaxístico orixinal: o que fora o grande areal de dunas, lagoas e xunqueiras; na actualidade case desaparecido baixo recheos, paseos e peiraos. Sobre el a contorna do urbano vilego que conformara a fermosa primeira franxa de ocupación humana, a arquitectura da pedra e da madeira. Unha tipoloxía que hoxe só poderíamos recoñecer a través de fotografías. Cunha especial relevancia no tratamento das salgas e dos obradoiros de ribeira, os modos de elaboración que van dar lugar á transformación fabril que supón a

chegada da moderna produción conserveira e o asentamento das grandes factorías. Non fomos quen de salvar, de manter en pé, ningún destes edificios representativos dunha época que practicamente percorre o século XX.

Unha arquitectura cargada de significantes humanos. Esa serodia revolución industrial, a das fábricas de tellados serrados e altas chemineas, esfarelouse varrida pola desidia ignorante, a avaricia especuladora e o desinterese administrativo. Cen anos para consagrar un dos grandes invisibles de nós como pobo.



O invisible foi o único que herdamos. Aí, nun intre que case podemos bautizar como máxico, é onde se choca unha modernidade estética e cultural, polo tanto política, que, en distintas fases: monarquía, república, autonomía, estatuto, Frente Popular, aporta un material de altísimo interese literario, fotográfico e ilustrador, que brillaban no propósito expositivo co escintileo das xemas preciosas. Rastrear, documentar os fitos desa modernidade, o encontro entre o popular e os ismos vangardistas, a través da descuberta dunha serie de obras elaboradas por un grupo de artistas e escritores, que por unha serie de circunstancias, que van desde a amizade ao azar, acabaron residindo en Bueu o os seus redores durante longas ou breves temporadas nos veráns que van de 1933 a 1936, foi unha navegación en empopada cara un porto luminoso.

A eles: Rómulo Gallego, José Suárez, Carlos Vello, Castelao, Maruja Mallo, Alberto Fernández ou Andrés Iduarte, hai que sumarlles dous nativos, diríamos que case tres, orixinarios da vila ou ligados familiarmente con ela: Federico Ribas, ilustrador e publicista; Johan Carballeira, poeta e alcalde e

Gonzalo Torrente Ballester, novelista e profesor. As circunstancias, peripecias, obras e ligazóns deste grupo de persoas foron, a través de traballos e artigos, recuperadas e documentadas por estudiosos e xornalistas de Bueu nestes últimos anos, de xeito notable por: Arturo Sánchez Cidrás, Salvador e Francisco Rodríguez Pastoriza, Loli Docampo Diéguez, Xosé Manuel Millán Otero, Salvador Otero e Xesús Portela Menduíña. A altura intelectual dos protagonistas era inmensa, as circunstancias tamén o foron. Durante décadas estas coincidencias e avatares sufriron o non nomeado secuestro do silencio.



No oco xigantesco no que a Ditadura converteu a IIª República Española só houbo escuridade. Cada vela que se prende emana luz sobre un invisible. O invisible que nos legou Maruja Mallo, seu Caderno de Bueu, resultou ser unha cartografía mariñeira de magnitudes cósmicas, como ela mesma. Un material que soborda, por suposto, o esclerótico folclorista, tamén o anecdótico estacional, para adquirir unha significación artística de primeira importancia. Un diario de traballo que aclara teimas e continxencias, que mostra un proceso creativo en marcha, os erros e as correccións, as dúbidas e os acertos.


Ese Caderno de esbozos, apuntes gráficos, que Maruja realiza entre Bueu e Beluso no verán de 1936, é un canón de voces, un diálogo a trazos entre o mar, a xente e a propia artista intentado apañar o mundo que quere representar, a única realidade que lle vale como proposta para futuras obras.

Maruja Mallo (Viveiro, 1902-Madrid, 1995), foi talvez a máis importante pintora da chamada xeración do 27 española. Estuda na Real Academia de San Fernando, en Madrid, cidade na que vai formar parte dunha xeración dun talento tan extraordinario

que o ronsel que deixa tras de si acada unha dimensión planetaria: Federico García Lorca, Salvador Dalí, María Zambrano, Rafael Alberti, Concha Méndez, Luis Buñuel, Pablo Neruda... Participa na primeira Escola de Vallecas, unha proposta plástica poética do escultor Alberto Sánchez e o pintor Benjamín Palencia.

Durante a década de 1920 colabora en publicacións literarias como *La gaceta literaria*, *El almanaque literario* ou realiza viñetas para a *Revista de Occidente*. Vive unha experiencia docente como profesora de debuxo no Instituto Elemental de Segunda Enseñanza de Arevalo (Avila) de novembro de 1933 a outubro de 1934. En maio de 1936 expón na sala ADLAN (Asociación de Amigos de las Artes Nuevas), á que pertence. Segundo Amelia Menéndez recolle no seu traballo “Pintura del Pueblo frente a la tiranía: La Rebelión del trabajo de Maruja Mallo”, unha vez que se clausura esta exposición Maruja se traslada a Galicia a comezos do mes de xuño de 1936 en compañía da súa parella nese momento, Alberto Fernández Martínez, máis coñecido polo patronímico de Mezquita, por ser orixinario dese concello ourensá. É probable que nunca cheguemos a saber se houbo unha razón concreta, un motivo que explique esta viaxe. Segundo ela mesma resalta en conversas e documentos posteriores viñeron a Galicia a participar nas actividades desenroladas polas Misiones Pedagógicas. Mais o seu nome non figura nos listados oficiais das Misiones, nin tampouco aparecen na nómina de participantes de La Barraca lorquiana (Porto Ucha, Anxo Serafín e Vázquez Ramil, Raquel: *Innovacións republicanas na Educación Popular: As Misiones Pedagógicas. Análise dunha experiencia, con referencias a Galicia. Innovación Educativa*, nº 23, 2013: pp, 111-126).

Posiblemente ese motivo principal ou exclusivo non existiu, senón unha coincidencia deles; entre os que poderían estar o desexo, que ela mesma subliña, de participar na Misiones acompañando aos seus amigos Rafael Dieste e Eugenio Granell; tamén a posibilidade de xestionar a súa incorporación como docente na Escola de Artes e Oficios de Vigo; mesmo, sen máis, visitar a parentes ou pasar días de descanso alén do convulso Madrid.



Polo que corresponde a Alberto Fernández, é doado supoñer o seu interese de estar en Galicia nesas datas para colaborar na organización do primeiro congreso do POUM (Partido Obrero de Unificación Marxista), do que era un militante destacado; asemblea que se debía celebrar en Santiago no mes de xullo dese ano. A estes hipotéticos motivos podemos engadirlle un sinxelo desexo, o de gorentar duns días de lecer nun lugar a carón do mar sen outras urxencias que os paseos, os baños, as conversas de sobremesa cos seus amigos.

E eses amigos, cos que comparten en Madrid fala-doiro en la cafetería La Granja el Henar, sesións de Ateneo e reunións en casas de uns e outros, son Federico Ribas e a súa compañeira Georgina Bousange, que adoitan pasar longas temporadas en Bueu. A opción de aloxarse na praia de Beluso débemola considerar como a consecuencia lóxica dunha estada anterior. Alberto xa estivera alí no verán do 34, posiblemente tamén no 35, acompañando ao escritor venezolano Rómulo Gallegos e o seu grupo de amigos americanos: Gonzalo Barrios, Nelson Himiob, Raúl García Arocha, Juan Oropesa, moitos dos cales se hospedaron na casa de comida e pensión La Vizcaína (Iduarte, Andrés: Con Rómulo Gallegos, Monte Ávila Editores, Caracas, 1969, pp 69-70).

Alberto e Maruja volveran escoller o mesmo aloxamento no verán do 36, do que recolle testemuña a escritora arxentina María Rosa Oliver no seu libro: *Mi fe es el hombre*, no que aparece unha longa cita textual dunha conversa ou epístola entre Maruja e a autora do libro. En palabras de Maruja: “Hubiera querido darte marisco ¿sabes?... Aquí casi nos los

hay. ¡No, qué!... Hacerte una paella como la que comí (mencionó un pueblo de pescadores del que no recuerdo el nombre) cuando estuve allá con el chico ese del que te hablé... Fíjate que sigo sin saber si lo han fusilado o no... Bueno, en la posada dormimos - ¿te lo he contado o no? – a la cena nos comimos una fuente entera de marisco... Son afrodisiacos ¿sabes? Al amanecer me levanté a hacer un pis, abrí de par en par la ventana a la noche estrellada, al mar... Chica, aquello ¡todo aquello era gloria! ¿me entiendes?” (María Rosa Oliver: *Mi fe es el hombre*, Ediciones Carlos Lohlé, Buenos Aires, 1981, pp 27-29).

Descoñecemos moitos detalles da estancia da parella en Bueu: cantos días foron os que pasaron na vila, que día chegaron, con quen se relacionaban, ademais de Federico e Georgina, se coincidiron co fotografo Kasado, grande amigo de Federico, ou con José Suárez mentres realizaba probas para o seu proxecto fílmico *Mariñeiros*, cal é o momento en que deciden abandonar Bueu para dirixirse a Vigo e preparar a fuga de Alberto vía Portugal.

A viaxe, a estada, os rexistros en diarios ou cartas, os comentarios feitos aquí ou alá, á súa vez recollidos por amigos ou cronistas, poderían formar parte da equipaxe das pequenas historias circunstanciais, mais adquiren unha relevancia trágica polo momento histórico que lles vai tocar sufrir. A sublevación militar fascista, acompañada dunha asañada represión dos que consideran ideoloxicamente enfrontados a eles, sobre todo, dos que se manteñen fieis na defensa da legalidade republicana, pon en perigo as súas vidas. A virada das circunstancias transforma o insubstancial nunha peripecia históri-

ca. Cada día que pasa a partir da rebelión obrígaos a actuar como protagonistas de sucesos que transforman as anécdotas en Historia.

Hai un fito previo e coetáneo ao golpe de estado que vai adquirir a categoría dun INVISIBLE: o caderno de debuxos que Maruja vai elaborando a medida que a rebelión trunfa en Galicia e a represión se xeraliza como unha práctica de terror. O Caderno transforma o devir dos días en acontecemento, no sentido sociolóxico do termo, como evento con relevancia artística, cultural e histórica.


Trazos, grafías, apuntamentos do natural, un propósito de material de ensaio que vai adquirir o sentido de herdanza testemuñal, documental, sobre o que podemos considerar unha renovación da plástica da artista baseada no popular como o zume máis fresco para mesturar coas propostas das vangardas, correntes nas que ela se move. Para Maruja, como para os compoñentes da Escuela de Vallecas, á que pertence, non podemos considerar vangarda o que deixa de lado o popular non burgués. Un popular que no caso galego, nas décadas das metamorfoses dos ismos, é mariñeiro e labrego, porque apenas chega a rozar nos seus motivos as representacións urbanas ou vilegas de carácter fabril.

No Caderno de Bueu, Maruja toma apuntes, perfila, insiste, no que lle interesa e vai utilizar en futuros cadros: as cabezas dos mariñeiros coas boinas que semellan coroas de loureiro; a trenza da rapaza nova que lle serve de modelo en varios momentos e compara co trezado da espiga de trigo; as iconografías das mans, representadas como ferramentas de traballo e creación; a obxectividade laboriosa de game-

las, dornas e rizóns; as cunchas e os peixes, como elementos dunha organicidade simétrica e matemática; a xeometría precisa e universal das artes de pesca; os aparellos debuxados coa minuciosidade das redeiras repasando as mallas.

Un caderno de aneis, con 45 debuxos, algún deles datados e localizados xeograficamente, onde abundan os elementos ligados ao traballo no mar, anotacións que ás veces son pouco máis que raias case imperceptibles xunto con outros minuciosos, delicadamente repasados, elaborados con dedicación e coidado. Borróns, liñas superpostas e inacabadas, motivos espaxados ao chou na mesma folla, paisaxe humanizada por unha ollada que ás veces semella a dunha nena, e modelos representados coa beleza dun clasicismo popular.

Un diario de bitácora, de investigación innovadora, que deberíamos denominar Caderno de Bueu, non de Beluso ou de Galicia, porque sería preciso contextualizalo como unha das sorprendentes manifestacións, e esta unha das máis interesantes, á que deu lugar a coincidencia deste grupo de artistas, xornalistas, escritores, fotógrafos, persoas vinculadas aos movementos culturais e políticos republicanos, en Bueu como referencial espazo atlántico e microcosmos renovador do que estaban iniciando como unha contribución ao que a IIª República significaba para eles, unha ilusión de progreso, de xustiza e modernización. Hai un fío que tece unha tea de araña de complicidades en mans dunha redeira poetizada por Carballeira, fotografada por Suárez, pintada por Mallo, debuxada por Ribas e novelada por Torrente. O fío que lle dá forma ao invisible.



A Lars Fredrick Staffan Mörling *In memoriam*

Ana Gil Medraño


As embarcacións tradicionais polos cinco sentidos

Síntese das reflexións sensoriais que Staffan Mörling lle fixo á autora durante unha viaxe a Ferrol onde recibiría unha homenaxe

VISTA: É a experiencia de xeracions e xeracións de carpinteiros de ribeira. Esta experiencia téñ que ser socializada, é dicir, han de intercambiarse estas experiencias, uns con outros, en canto a cal é a mellor fasquía do barco, a mellor manga, a mellor eslora... A cultura marítima foi pasando de xeración en xeración e cada unha foi asimilando e aportando algo a esta evolución.

Pero a cultura marítima chega a ter unha madurez, enténdase ben a palabra, foi madurando como unha froita, grazas a estas aportacións dos mariñeiros e dos construtores dos barcos. Todo isto séntese, vése, pálpase.

SABOR: É moi rico o sabor. Para min ten que ser o sabor ao alquitrán, o sabor ao aceite de semente de





Acto de homenaxe no Ferrol

liñaza. Iso que lle dan ao interior dunha embarcación tamén en Suecia.

AROMA: O aroma dun lume de leña que quenta o cacharro de alcatrán. Onde un está só con ese alcatrán e esa brocha, na area da Praia de Beluso, diante dunha das casas e mirando ao fondo Bueu. Un está só e disfruta dese estar só, disfruta de assimilar todo iso, disfruta de respirar ese ambiente da Ría de Pontevedra.

Ese ambiente da beira da Praia de Beluso con esa presenza de Bueu a certa distancia. Iso é para min coma un viño fino. Iso é para min algo que me fai feliz, que me pon en harmonía... Que me dá a calma necesaria para darlle coa brocha o embreado ao interior da dorna, atendendo aos pequenos detalles e gozando.

Hai xente máis perto, xente máis lonxe, pero a embarcación e máis eu somos os protagonistas desta experiencia da cultura marítima.

SON: O son pode ser suave, unha pequena marexadiña. Un escoita ese son das ondas dende arriba, na nosa habitación da casa de Beluso. Pero tamén pode ser o da maruxía do inverno que ven bramando. Ondas que veñen a romperse contra o muro de contención diante da casa

da Robaleira. Ondas que ata salpican na estrada. Todo isto tamén é a cultura marítima que tamén pon a punto a precaución, o respecto ao mar. Porque ao mar hai que terlle respecto. Un non pode pensar que pode máis que o mar. Sempre hai que ter intelixencia, hai que tratar de definir ben. E sempre hai que esperar outra serie da rompente das ondas.

Non quixera cansar pero tamén quero falar do son do barco ao romper a auga. Si, iso é en Suecia principalmente, cunha embarcación similar a una gamela pero longa, esbelta.

Nós facémola moverse pegadiña ás pedras da beiramar. Ulimos do monte os abetos, arandos e framboesas. É una ledicia estar sentado sobre o banco desta gamela, movendo os remos, incluso as veces te deitas nas panas e o barco vai á deriva mentres eu vou mirando ao ceo azul con nu-bes de verán...

Eu son feliz namentres experimento o que nos ofrece o lago, oindo as ondas contra os bancos da gamela. Un sabe que o vento te leva pero non sabes a onde. É fermoso ver como as nubes van ou veñen.

TACTO: Botas una liña do curricán e colles una perca. Chefa nunca sae sen liña, e sempre pica alguna perca.

Adoro esta embarcación porque na dorna non se poden estirar as pernas pero neste barco si. Algo que me gusta é manter o barco no laño de pesca das fanecas por exemplo, aguentalo a pulso, o remo na mesma posición mentras se pesca, manobrando cos remos para manter a barca enriba das pedras.



Lars Fredrick Staffan Mörling naceu en Karlstad (Värmland) o 31 de decembro de 1936 e fixo estudos de Latín, Historia da Arte e Antropoloxía na Universidade de Lund. En Ons, a onde chegou para estudar as dornas como parte da súa tese de doutoramento, coñecería a Xosefa Otero, a súa dona, que traballaba de costureira na illa e con ela compartiu o seu coñecemento da vida mariñeira o cal aplicaría ás teorías danesas da nova etnoloxía. Foi profesor de idiomas na Escola Naval Militar de Marín e foille concedida a Cruz do Mérito Naval. O 19 de xaneiro de 2006, o Concello de Bueu nomearíao Fillo Adoptivo e adicarlle unha rúa na vila.

In memoriam Staffan Mörling

Artigos publicados na revista "Os Galos" nº O de 2006 con motivo do X Encontro de Embarcacións Tradicionais

Alá no medio do mare

E.T.P.



Foto N. Hermansson. 1964

O TEMPO E O SEU CONTEXTO, *THE WAY WE WERE*

Corría o ano 1964; os Beatles, xa de fama mundial, non paraban de dar concertos e de editar Singles e Lps, e The Shangri-Las rachaban nas listas americanas co seu éxito "Walking in the Sand". Mentres, no noso recuncho do noroeste ibérico recibiamos con estrañeza a Staffan Mörling, un particular *beach boy* que, tras longas pescudas nos mapas, atopara en Ons o seu *utoyggj*; un territorio de difícil acceso que mantiña case que intactos os vellos costumes e onde podería estudar os trazos da unidade cultural da Europa Atlántica.

A chegada de Mörling coincidiu co Primer Plan de Desarrollo e cos primeiros repartos de leite en po nas escolas públicas cos que o amigo americano pagaba ao réxime os acordos de defensa e, pasado xa o período de autarquía, a entrada masiva das súas inversións. Naqueles anos, aínda mergullados nos "Principios del Movimiento", percibiamos a nosa realidade fragmentada, nun tempo no que todo empezaba a bulir máis de présa, no que todo o novo era mellor, e os anaquiños do noso pasado non significaban máis que a noción dun atraso a superar. Os gobernos tecnócratas deron paso a esta superación impoñendo un modelo de desenvolvemento económico máis racional seguindo as pautas da ortodoxia capitalista. Aprobáronse as Leis de Prensa e de Libertad Religiosa e os emigrantes e os turistas non só foron fonte de entrada de divisas senón tamén de novos costumes.

A apertura ideolóxica xa non tiña paraxe e o estoupido económico notouse na taxa de natalidade e na renda *per capita*. ¿Que familia non mercaba un

"seiscientos", un televisor ou un frigorífico? Tiñamos todos présa por espiollarnos, por ser outros. Empezamos a falar só en *castellano* facendo derrapes polo dicionario e botamos unha placa enriba da casa vella; xa non fixo falla calear na primavera: os revestimentos con plaquetas coloristas, como cuartos de baño cara fóra, marcaron a diferenza dunha prosperidade e dun gusto estético dubidoso que durou demasiados lustros. Pero como a casa aínda lembraba os cementos do vello, houbo que poñer máis distancia e fomos vivir ás gaiolas dos ensanches de Vigo e A Coruña, polos do desenvolvemento industrial galego. Así, a avenida das Camelias, de expansión parella á da flota conxeladora viguesa, converteuse nunha sucursal do Morrazo, daqueles que facían cartos coma area embarcados nos buques factoría dos caladoiros de Sudáfrica, Malvinas, Boston, Noruega ou Mozambique, nos tempos de fartura pesqueira nos que o mar aínda non tiña cancelas.

NAMORAMENTO. A SETE MILLAS NÁUTICAS *THE WIND BLOWS FREE*

O bo latexo do Mörling mozo foi quen de apreciar que a parte de nós máis interesante e digna de estudo non estaba nesta fervenza de "desarrollismo" sesenteiro, senón que se atopaba resistindo en Ons en forma de grupo social cohesionado, consciente da súa identidade e cunha cultura propia delimitada pola mesma insularidade. A illa agachaba un tesouro, a parte fundamental da nosa esencia de pobo mariñeiro, o couso e o arca das nosas orixes. Así, despois de fuxir da nosa propia imaxe colectiva coma da fame, a circunstancia aparentemente fortuita do asentamento dun sueco a Ons veu supoñer, seguindo o exemplo do conto de Andersen, o proceso de reconstrución dun espello esfancado que recobrou a súa imaxe cando, por fin, nos puidemos mirar a nós mesmos tal como eramos, sen complexos e con criterio de realidade.

Procedente da península escandinava pero de inequívoca vocación illana, Mörling atracou en Ons impulsado dende as Féroes polo seu afán investigador e enseguida atopou parecidos coas lonxanas Shetland; a sete millas náuticas de Bueu "the wind blows free". Nos montes de Ons, aínda sen repoboar con eucaliptos, o vento asubiaba ceibe e deixaba sentir, amplificadas, os sons da vida da illa; as badaladas das ondas rompendo nas pedras, os motores dos barcos de pesca, os nenos



escorrentando as bandadas de corvos das leiras de millo, as cancións tradicionais que cantaban os mozos cando ían co gando, e as voces, febles pero perceptibles, das mulleres que chamaban aos seus para comer. Voces que falaban en galego, un idioma que descoñecía pero co que conectou de inmediato ao recoñecer subxacente o latín no que tomaba os seus apuntamentos escolares en Suecia. A paisaxe humanizada completábase cos pastos de cor verde esmeralda, coas terras de labradío ben traballadas con cultivos de millo e patacas, e coas casas e os alpendres aniñados como tartarugas na pendente das ladeiras á procura da protección dos temporais. Unha arquitectura tradicional feita de xeito elemental cos cachotes de pedra da propia illa, que falaba moito do carácter dos seus habitantes, xente moi intuitiva e con gran capacidade para superar as dificultades, resolvendo a vida con solucións prácticas; porque para eles vivir na illa era como adaptarse ás condicións de a bordo dun barco fondeado no medio mar.

CODA. LOOKING GLASS SELF

Lonxe deses expertos dogmáticos que se señorean no alto dos pedestais das teorías baldeiras sen coñecer a realidade da que falan, Staffan Mörling, dende a modestia do home sabio, fixo un traballo metódico e disciplinado que só entendeu mergullándose na vida da xente, compartindo a cultura estudada. Como o mesmo vento, o sangue dos illáns tamén corría ceibe nas súas veas; e foi un mariñeiro máis a bordo das dornas vogando dende a praia de Curro para pescar polbos no Centulo, aprendeu a "xogar a caña", a sentir a forza dunha "vela de vento", a iscar as rañas e zafalas do fondo coa estronca, a botar unha liñada para os congros na parte de fóra da illa, a vender os lotes en Portonovo e a recoñecer a illa só polo cheiro cando viñan de volta. Pero sobre todo foi feliz, feliz nun espazo feito á medida do ser humano, onde a natureza tiña un tempo e o debullar da vida se axeitaba aos ciclos desa natureza: o diario do sol, o mensual da lúa e o anual da terra. Non facía falla mirar o reloxo, nin consultar o parte meteorolóxico, nin dispoñer de medios de orientación; só había que estar impregnado da experiencia da vida na illa e recoñecer os sinais da natureza coma os dunha partida á brisca. Tamén foi feliz compartindo a festa rachada nos bailes que se organizaban na acera de Acuña ou

na taberna de Checho amenizados polos discos de Los Tres Sudamericanos, os auténticos reis dos Mambos e das Cumbias dos anos sesenta; e escoitando a retesía das estrofas a desafío entre o señor Cachote, o carpinteiro, e o señor Muñiz, e máis os contos e as lendas que só saben os da illa. Así descubriu que en Ons as nenas nacían como só o poden facer as deusas, emerxendo na praia de Canesol dentro dunha cuncha de vieira e que ao pouco tempo xa repenicaban descalzas na area *beillando* muiñeiras; e cando lles chegaba o tempo de falar de amores, vestíanse de lúa, collían o balde e ían por auga á fonte porque sabían que, ben no camiño de ida ou no de volta, atoparían agardando ao seu namorado. E todo isto ben o sabe Staffan porque, como é coñecido por todos, casou en Ons con Chefa, alumeadora de camiños e filla de Aurelio Otero.

Poida que só fose o interese etnolóxico polas illas, ou se cadra, cando chegou a Bueu seguindo o bo consello do seu amigo César Portela, ao virar a Pedra Branca e a Punta do Cabalo quedou enfeitizado coa imaxe do sol deitándose no berce dos ondulantes montes de Ons, alá no medio do *mare*... O certo é que Staffan Mörling veu para quedar, para ser un de nós e devolvernos, dende a súa mirada azul, unha parte do sentimento de identidade, da conciencia de ser e de "ser *est*" que tiñamos esquecida ou mal asumida. Como escribe García Márquez, un home empeza a madurar cando ao mirarse no espello recoñece o seu pai. Staffan mirouse no espello do seu sogro e agora regálanos o del para que poidamos medrar. Porque mirarse, é necesario para saberse.

E ben volo digo porque el mo aprendeu.





■ ■ ■ A Staffan Mörling con agarimo

Redacción



Foto Amando

O ACTO

No Centro Social do Mar de Bueu celebrouse o xoves 19 de xaneiro un acto público de homenaxe ao profesor Staffan Mörling, excepcional exemplo de adicación á investigación etnolóxica, que fixo, e fai, unha excelente contribución ao coñecemento e difusión do patrimonio galego coa análise da identidade económica e cultural das comunidades mariñeiras; isto significou un punto de partida para a recuperación dun patrimonio marítimo xa case que esquecido, e foi un dos factores determinantes que fixeron agromar as actividades da Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais Os Galos.

O acto estivo presidido e conducido pola conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, dona Carme Gallego Calvar, que cedeu a quenda de palabra a cada un dos intervinientes e destacou no seu propio discurso que: "Os galegos temos unha débeda con el; pola obra que hoxe recoñecemos, pola súa dedicación e rigor ao estudo da nosa cultura mariñeira que deu lugar a dúas



Foto Amando

publicacións tan senlleiras como *As embarcacións tradicionais de Galicia e Lanchas e dornas*, e sobre todo polo seu amor a Galicia e a súa cultura mariñeira. Como conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, quero agradecer publicamente a colaboración xenerosa e paciente, minuciosa e esixente que mantén coa Consellería".

O acto, ao que asistiron máis de 300 persoas entre amigos, alumnos e xente de Bueu en xeral que encheron a plan o salón de actos, tivo o seu momento culminante cando o profesor Mörling, visiblemente emocionado polo recoñecemento, tomou a palabra.


Este acto central, precedido dunha cerimonia celebrada no salón de plenos do Concello de Bueu, na que se lle concedeu ao profesor Mörling o título de Fillo



Foto Amando

Adoptivo e se lle impuxo o escudo-insignia da vila, tivo o seu remate nunha cea de agasallo ao homenaxeado no restaurante do Hotel Bueumar onde, xa dun xeito máis distendido, todos os asistentes puideron gozar da compañía e do conxuro dunha queimada oficiada en latín por Mörling.

Incluímos, como parte especialmente interesante desta homenaxe, a transcripción do discurso que pronunciou no acto o comandante-director da Escuela Naval Militar, don Francisco Javier Franco Suances, e que acadou o equilibrio xusto entre o recoñecemento formal do oficial da Armada e a visión afectiva, e totalmente descoñecida para nós, do profesor Mörling dende a perspectiva do alumno garda mariña. Un discurso cheo de anécdotas vividas que enseguida conectou coa complicidade do homenaxeado e de todo o auditorio.



**Alquebrada a quilha repousa
abraçada ao lodo**

**As velas outrora alvas estão
recolhidas**

**Os brandais descansam, a verga
adormecida**

**Resta o porte altivo, o mastro
erecto**

**Um olhar na proa a lembrar
origens**

E um silêncio...

*João marinheiro
São Paio de Antas
25 Maio 2014*

Exvotos maríneiros

Xerardo Dasairas

Un exvoto é unha ofrenda material que xa desde antigo lle facían aos deuses os nosos devanceiros, depositándoas en lugares de culto a imitación do que xa facían as civilizacións exipcias e mesopotámicas.




Ara votiva do Facho intercesión divina, houbesen acabado na morte. As ofrendas, depositadas polos fieis en santuarios e igrexas poden ser de moitas clases, predominando en Galicia as partes do corpo realizadas en cera, trenzas, cabelos... e outros obxectos como roupas, muletas, as fouces dos segadores en Castela... e incluso crocodilos e rodas de coche, aludindo ao feito da intercesión ou salvación nun accidente.

Estas ofrendas, segundo nos veñen mostrar os achados, podían consistir en figuras que representan persoas, guerreiros, animais, armas, obxectos, alimentos... e tamén aras como as que se exhumaron no Facho, alusivas ao deus indíxena Berobreo para pedirlle pola saúde (*per salutem*). A través de Grecia e Roma, este ritual sería asumido polo cristianismo e conservárase ata hoxe para reclamar a axuda divina (a Deus, a Virxe ou os Santos) en casos de problemas ou crises vitais e sobre todo como promesa de agradecemento por ter superado circunstancias adversas de calquera tipo que sen a

Tamén nalgúns portos eran habituais os votos ou promesas en especie (peixe) co produto do primeiro lance ou unha parte del (as cebas ou argazo do Santísimo) para o mantemento do culto da advocación dunha capela ou igrexa á que se encomendaban ao sairen ao mar. Noutros casos e procedentes xa de persoas podentes, estas ofrendas toman forma coa erección de capelas ou coa donación de lámpadas, cruces, cálices, mantos... para o culto.

Exvotos deste tipo podemos constatalos nas donacións que varios emigrantes cangueses en América lle fixeron á Colexiata ou a Santa M^a de Darbo pero o que son aqueles que mostran barcos ou cadros alusivos á dificultade superada, aquí son escasos e só podemos constatar unha embarcación que foi ofrecida á Virxe de Darbo e outro que aparece nun altar da excolexiata sen podermos concretar se tén esta finalidade.



Exvotos prehistóricos de bronce



Lámpada e barco na Excolexiata de Cangas

Os primeiros testemuños votivos referentes ao mar xa aparecen nas cantigas de Santa María nas que se recollen promesas que logo serían recorrentes nos séculos posteriores como a de terse salvado de situacións perigosas nunha travesía ou a de encomendarse ao favor da Virxe, neste caso a de Rocamadour¹, como fixo un rico-home portugués antes de emprender unha viaxe a Flandes xa que “muito amava Santa María e por ela fiava”:

Porque amava muito Santa María
de corazón, disse ca en romaria
a Rocamador de bõa ment' irya
tanto que o el podess' aver guisado
con tal de que ella le protegese.



Virxe negra de Rocamadour

Cabe dicir que nestas situacións de perigo no mar era habitual invocar, en principio, a moitos santos de tradición mariñeira² pero a maioría das veces, segundo se constata, acababa solicitándose a protección da Virxe, aínda que as do Carme ou de Guadalupe de gran tradición en Galicia, non son as que contan con máis exvotos.

Porén, a Virxe dos Remedios, a dos Milagres, a do Camiño, a dos Desamparados e máis aínda as igrexas con advocación de Santa María ou de Nosa Señora acollen a maioría deles como ocorre na Pastoriza, na da Barca en Muxía, na Lanzada... Pasadas as dificultades tamén era moi importante e vital cumprir co voto feito, acudindo ao santuario ou igrexa a aportar a ofrenda en

recoñecemento pola graza recibida pois o incumprimento da promesa podía acarrexarlle graves consecuencias ao devoto. Neste sentido, a ausencia de exvotos nas igrexas do Morrazo téñen moito que ver coas advocacións das mesmas e non seren lugares históricos de peregrinaxe. aínda que se especula con certas ofrendas mortuorias no Hío sen documentar.



Exvotos de cera nun santuario de Galicia

Exvotos artísticos

Encadramos nesta categoría aos exvotos de tipo tridimensional, a maioría en forma de maquetas de barcos, que aluden a un episodio perigoso ocorrido no mar e relacionado con naufraxios, tempestades, galernas, ataques piratas, conflitos bélicos... E tamén debemos referenciar os cadros pintados, quizais con maior interese por conteren a imaxe e o relato do acontecido, sendo algúns deles, dentro da súa inxenuidade, auténticas testemuñas dos milagres acontecidos, datos de historia mariña e pistas para os expertos sobre pintores de ámbito local. Estes exvotos bidimensionais, a maioría óleos sobre tá-



Bergantín-goleta Nº Sra. del Rosario. Porto do Son



Ataque piratas turcos en Portugal 1758. Muros

boa, aínda que tamén hai augarelas en papel, eran tamén moi frecuentes, aínda que exixían o concurso dun pintor pagado para que reflectise o milagre, asunto que só podía asumir unha persoa adañeirada. A maior parte deles ubícanse en igrexas da costa ou próximas pero nalgúns casos, quizáis por ser o mar un elemento extraño e considerado moi perigoso polos oferentes, son varias as igrexas do interior que tamén contan con exvotos mariñeiros como o barco existente no lonxano Santuario da Nosa Señora das Ermidas no concello do Bolo en Ourense.

Imos deternos agora, polo que tén de extraordinario, no exvoto dun galeón que pendura no alto da nave central deste santuario cuxa historia tén que ver coa ría de Vigo e cuxa introdución ao relato di:



O navío exvoto no santuario das Ermidas

"Non é menos admirable o acontecemento seguinte que consta polo testemuño de D. Domingo González e declaración do tenente de cabalería D. Pedro de Centeno, natural de San Juan de la Cuesta de Sanabria e casado en San Salvador de Piñeiro (Lugo) con Graciana de Almonacid".

A narración do acontecido recolle que: *Hallábase este Pedro de Centeno de Ayudante en la Plaza de Bayona, en el Reyno de Galicia, y su Gobernador le mandó salir en una chalupa el día 23 de septiembre del año de 1702 a reconocer una esquadra que se descubría, y halló eran Navíos de España.*



Exvoto na Virxe da Barca. Muxía

Volvían alegres a participar á su xefe la noticia, quando á una legua de la tierra en la Isla que llamaban de las Estilas (Estelas) se levantó un recio macán (refacho), que batiendo la vela de la chalupa, dió un golpe á Don Pedro tan fuerte que le arrojó al mar, á bastante distancia del buque; invocó en su amparo a nuestra Señora de las Ermitas; y habiendo andado por espacio de tres horas sin saber nadar, fluctuando sobre las olas, separado de la embarcación mas de un cuarto de legua, se halló sin poder decir el como fuese tan cerca de ella, que pudieron los Marineros arrojarle la guirindola á la que pudo asirse, y salió de aquel peligro.

Á su llegada contaron al Gobernador el suceso, y con su licencia se partió al Santuario de Nuestra señora de las Hermitas á darle las debidas gracias por el favor recibido".

Xusto un mes despois deste episodio, había de acontecer a coñecida Batalla de Rande na que tamén participaría o devandito oficial Pedro de Centeno y Losada combatendo nela as cinco horas que



Exvoto dun mariñeiro basco na ermida da Guía

durou e que foi desfavorable á flota hispano-francesa. Tamén nesta ocasión, don Pedro había saír ileso da mesma e cabe que matínase en que quizáis seguía aínda baixo a protección da Virxe pois non volveu ofrecerlle outro barco ao santuario. Como fose, as crónicas desta batalla nada nos contan disto e se sabemos algo máis deste e doutros terribles episodios marítimos é grazas aos datos e imaxes que nos transmiten os exvotos que aínda perduran, pois moitos outros desapareceron como os crocodilos do Santuario da Nosa Señora de Monte Medo, que de seguro nos remitían a un perigoso episodio dun emigrante nalgún país de América. Porén, despois de máis de catrocentos anos, aínda perdura hoxe a reprodución do barco como ofrenda votiva á Virxe das Ermidas, santuario ao que sabemos que adoitaban acudir romeiros do Morrazo nos anos oitenta e noventa do pasado século.

José Fuentes Alende³, investigador dedicado a este tema desde hai anos, considera como un capítu-

lo especial os exvotos de tema mariñeiro, xa que nos permiten coñecer determinados tipos de embarcacións. Entre éstas sinala as de tipo popular, sen un nome propio que as identifique: unha lancha de remos cunha vela cuadra a proa; dornas que mostran a disposición das táboas do casco; unha chalupe de remos co seu leme...



Bergantín "Vida y Dulzura. Porto do Son

Noutros exvotos, sinala o experto, aparecen embarcacións de maior porte para longas singraduras, a veces co seu nome: o navío "San Vicente" con tres mastros; o bergantín "Fernando VII" con un; o buque "Juan de la Vega", con trinquete e maior; o barco "La María" cun xabeque de mouros, un bote e un iate; o "San José y Ánimas"; o paquebote "Purísima Concepción"; o bergantín "Flora Paquita" coa corbeta "Albión"; o bergantín "Ana"; o bergantín goleta "Nuestra Señora del Rosario"; a goleta "Cruz"; a embarcación "San Antonio y Ánimas"; un trasatlántico anónimo con dous mastros e cheminea no centro; o trasatlántico "City of Paris"...



Acorazado "Oquendo". Santiago de Cuba 1898

¹ A Virxe de Rocamadour era e é unha advocación relacionada co Camiño de Santiago, o que contribuíu á súa devoción en España e Portugal pero é nas costas da Bretaña (Francia) onde se venera como patroa dos mariñeiros e pescadores. A talla desta virxe é de madeira de cor negra, cos ollos pechados e sendente nunha especie de trono e co Neno Xesús, sentado sobre o seu xeonllo esquerdo.

² Xa tratamos este tema noutro artigo (Faro de Vigo) titulado "A Virxe do Carme e outros padroados do mar".

³ *Testimonios de la cultura material en los exvotos pintados de Galicia*. Antropoloxía popular. Consello da Cultura Galega.



O último barco



Despois dos éxitos anteriores como *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*, Domingo Villar acudiu a Bueu da man da Librería Miranda para presentar a finais de agosto do pasado ano a súa novela, tamén policíaca, *O último barco* que como as anteriores tén de fondo o mar e de protagonista, de novo, ao inspector Leo Caldas.

É unha novela longa, cunha historia ampla onde todo transcorre de vagar entre os numerosos personaxes que coñeceremos pola súa forma de actuar e lugares retratados que compoñen a trama policial: Mónica Andrade, filla do doutor Andrade de Moaña que tomaba con frecuencia o barco cara a Vigo para impartir clases, desaparece misteriosamente...

Un lume azul.



A comezos de decembro do pasado ano, outra novela de xénero negro foi presentada por Miranda en Bueu, acudindo o seu autor Pedro Feijoo e máis o editor. É un relato de personaxes ao límite e de auténticos depredadores que exhibe unha violencia extrema e unha ristra de cadáveres que debe investigar a policía... Non é unha novela na que o mar teña un protagonismo especial como adoitamos reflectir aquí, mais a portada e o epílogo nun faro de Cabo Home, conéctannos co medio mariño, tan presente necesariamente nas novelas dos autores galegos que xa figuran entre os máis lidos deste xénero.



lecturafilia.com



Ainda que con certo retraso, desde esta sección e desde a Asociación Os Galos queremos sumarnos aos parabéns recibidos pola nosa veciña Tensi Gesteira que a mediados de novembro do pasado ano recibía o 2º dos Premios Provinciais á Xuventude na categoría de blogs promovido pola Deputación de Pontevedra, dotado con 1.000 euros, diploma acreditativo e trofeo. Este premio, ademais de darlle máis visibilidade ao excelente blog de

Tensi, vén recoñecer o traballo que desde hai máis de sete anos se agacha detrás das reseñas de libros de todo tipo e doutros contidos relacionados coa literatura: reflexións e análises, citas de autores/as, entrevistas, retos literarios, gravacións, podcasts... O seu lema "Leer es vivir dos veces" en palabras do gran poeta leonés Antonio Gamoneda vén resumir a paixón de Tensi polos libros a través dos que se poden saborear novas experiencias e facilitan a existencia... iso si, sempre acompañándose dunha infusión, a ser posible de té verde.



Tensi co premio

Onde ía ser?



Desde estas páxinas queremos darlle tamén os parabéns a Fernando e Maribel da Librería Miranda por seguir a manter o seu establecemento na primeira liña de Galicia na difusión cultural a través dos libros e da prensa escrita. Non cabe dúbida que seguir a manterse entre as cinco mellores librerías do país é fruto dun gran esforzo que recolle os seus máis de corenta anos ao pé do canón e de resistencia nun oficio cada vez máis ameazado na súa pervivencia. Que o nome de Bueu apareza mencionado como punteiro neste sector é un motivo de fachenda para nós, que aínda que desde outros eidos, tamén compartimos.



Barcos de papel



Homes de ferro



O pasado vinte de febreiro, o escritor Alfredo Conde acudiu a Bueu da man da Librería Miranda para presentar o libro "Homes de ferro" no que narra a aventura vivida por catro amigos irlandeses, Danny Sheehy, Breannán Ó Beaglaoich, Glen Hansard and Liam Holden que a bordo do Naomh Gobnait, unha embarcación tradicional denominada naomhóg ou kerry currach, percorreron 2.500 kilómetros costeando ata Galicia de forma interrompida en tres anos. A continuación deste periplo cara o sur remataría trágicamente na Foz do Miño en xuño do 2017 ao naufragar o barco, falecendo afogado o poeta Danny Sheehy de 61 anos

En 2014, os catro protagonistas decidiron construír este barco co que saíndo de Dublín se dirixiron ata Compostela inaugurando o chamado Camiño do mar. Este libro nin é crónica nin novela senón máis ben a recreación da historia real dos catro amigos que deciden facer o Camiño de Santiago por mar.



Alfredo Conde

Os feitos son reais en cambio os pensamentos e reflexións son liberdade do novelista á hora de imaxinar a aventura propóndonos tamén unha viaxe interior ás consciencias dos protagonistas.

Reabre "A Aixola"



No 2018 lamentabamos o peche do centro de formación "A Aixola" e agora temos que congradularnos pola súa reapertura en abril con 2.100 horas de clases e oito novos cursos formativos, dirixidos a diversos sectores do mar. Como todos sabemos, este centro depende do Centro Tecnolóxico do Mar (Consellería do Mar) e polo seu carácter público e necesario non entendemos este longo peche, prexudicial para un sector con tanta presenza e potencial económica no noso país..

O miradoiro dixital



Visita virtual ao Museo Massó

Traemos a esta sección a páxina web do Museo Massó museomasso.blogspot.com, non só pola completa información que nos ofrece deste espazo senón pola posibilidade de realizar unha visita virtual polas exposicións sen saír da casa. Contodo, aínda que o virtual pode servir de referencia, aconsellamos sempre a visita física e tanxible polo que tén de emoción, evocación e transmisión de sabor histórico, etnográfico e vivencial.

The screenshot shows the Museo Massó website interface. At the top, there's a navigation bar with links: O museo, A visita, Servizos, As salas, Pezas destacadas, Exposicións, Novas, **Visita virtual** (circled in yellow), and Multimedia. Below this, there are two featured sections: 'DESTACADO Visita virtual' and 'DESTACADO Pezas destacadas'. On the right, there's the Museo Massó logo and contact information: museomasso.blogspot.com.es, Rúa Montero Rís s/n, 36930 Bueu, Tlf: 886 151 101 Fax: 886 151 108, museo.massó@xunta.gal. At the bottom left, there's a 'Horario' section: De martes a sábado: de 10:00 a 21:00 h., Domingos e festivos: de 10:00 a 14:00 h., Luns: pechado. At the bottom center, there's a 'Tarifa' section: Entrada gratuita.

O bichero

AVILA



Por terras de pescadores: Bueu 1912

O'Xedas

Eu tiña hai tempo proxectada unha viaxe a Bueu con obxecto de coñecer aquela pintoresca vila e ver de perto a íntima vida dos pescadores. Quería escoitar as súas charlas e formar un xuízo acertado respecto do problema pesqueiro, que é sen ningunha dúbida, o de máis vital interese para Galicia dada a envexable situación das súas costas e o importante desenvolvemento da súa industria conserveira.

E unha decisión rápida impulsoume a realizar o meu proxecto, convencido do interese de actualidade que unha información sobre este punto tén para os nosos lectores; e prometéndome proseguir no meu propósito por outros puntos, tomo o automóbil que fai o servizo a Cangas, e despois do breve tempo empregado nunha agradable viaxe, chego a Bueu.



A Vila de Bueu está situada nun dos puntos mais pintorescos do noso litoral. O seu porto, digno dunha gran atención, é amplo e inmejorable; limpo, claro, profundo e despexado, só precisa dun molle, cuxa construción debe realizarse custe o que custe para ser un dos preferidos polas escuadras estranxeiras para o seu fondeamento. O pobo é alegre e limpo; fronte á praia esténdense as casas brancas, entre as cales destacan varias fábricas de conservas que constitúen os maiores elementos de vida local.

A parte alta da vila está salpicada de vivendas que fan resaltar a súa brancura sobre a pompa verde dunha vexetación pródiga e exuberante. Polo lado oposto esténdese o mar bulidor e alegre, divisándose na súa beira extrema, os risoños por-

tiños de Sanxenxo e Raxó. É en suma Bueu, un lugar encantador, digno por todos os conceptos de ser coñecido e visitado.

O meu acompañante

Ao chegar ao pobo pregunto polo mestre de instrución primaria que é o noso correspondente naquela vila. Pouco despois chega ata min o Sr. D. Emilio Sotelo Rey a quen lle estreito as mans moi compracido. O Sr. Sotelo é un home cultísimo que viaxou polo estranxeiro comisionado pola Xunta de Pensións e estudou a organización pedagóxica de diversas nacións, deducindo unhas notables ideas que frutificaron no seu cerebro sabio. O Sr. Sotelo que é autor duns meritísimos artigos que viron a luz en importantes xornais regionais, publicará en breve un interesante libro de impresións das súas viaxes, que ha de ser lido con gran delectación e agrado.

Nas fábricas

Axudado polo meu amable acompañante empezo a miña tarefa visitando as fábricas. Son as máis importantes, as dos Sres. Massó irmáns, Tapias, Martínez e Lago. Penetramos na primeira, observando o enorme movemento de traballo que impera na fábrica. Un verdadeiro exército de mulleres ocúpase nas diversas operacións que sofre o peixe desde a súa entrada, ata o seu envase, xa enlatado, nas caixas, para a exportación. -Cuantos operarios teñen Vds? preguntamos.

-En total, uns 400.

-E que numero de peixe traballan diariamente?

-Agora, nesta época de abundancia saen todos os días 500 caixas de latas que fan un total de 300 mil sardiñas

-Observan Vds. aumento na pesca?

-Ouh si! -respóndennos- Hai pesca dabondo hoxendía. A sardiña presentouse en tal cantidade que basta o seguinte detalle para demostralo. En época de escaseza chegou a pagarse a cesta de sardiñas, que contén uns dous milleiros e medio, a 45 pesetas; hoxe cómprase a 6,5 e ata 4 pesetas a cesta.

-E esa abundancia empezou...?

-Hai proximamente un mes. Levabamos xa cinco meses de carencia absoluta, o cal tiña feito emigrar a moita xente; pero agora é tanta a abundancia, que todas as fábricas, despois de adquirir o peixe para a conserva, teñen que dedicalo tamén a salgadura.

-E que xornais gañan os operarios?

- Segundo. Podemos calcular que cada cesta de peixe que entra na fábrica deixa en xornais unhas 15 pesetas diarias. Aquí adoita pagarse de distintos modos; unhas veces por xornal e outras a destallo. As mulleres cobran xornais que oscilan entre catro e seis ou sete reais; pero a maioría, gañan dez céntimos por hora. Nós mirámonos silandeiramente. Rematada a nosa visita fomos cara a praia. O Sr. Sotelo obrígame amablemente a quedarme a noite en Bueu convidándome a unha excursión nocturna polas tabernas para escoitar dos mariñeiros e pescadores as súas inxenuas charlas e autorizadas opinións. Acepto encantado e marchamos a cear.

De noite nas tabernas

A choiva cae pesada e pertinaz; nós saímos á rúa e chapuzando nas charcas avanzamos pola praia. O mar bica a area cun rumor xordo; os farois reflicten a súa luz nas augas que temblequean fosforescentes. Atopamos ao fin unha porta aberta que debuxa na rúa unha faixa de luz. Entramos. É unha taberna. O fume dos cigarrros forma unha atmosfera irrespirable; encostados á parede aparecen varios toneís, nunha mesa xogan ao tute catro mariñeiros mentres trasfegan senllos vasos de “viño do bo”; outros charlan animadamente.

O dono da tenda é un vello patrón que se chama señor Francisco Rúa. Chamámolo a un recuncho e acode prestamente dispoñéndose a contestarnos.

-Como anda esa pesca?

-Agora marcha moi ben; había cinco meses, desde o mes de defuntos, que non se collía unha mala sardiña; pero hai case un mes, abonda dun modo grande desde as illas adentro, nas tres rías.

O fotógrafo de Cangas Ocaña recolleu nestas fotografías a festa de San Xaquín, patrón de Ons en agosto do ano 1930.

As imaxes reflicten a saída da procesión do santo e máis a Virxe da capela e un momento da procesión marítima co cura, a música e as efixies embarcados.





Vista de Bueu 1962

-E que sistema usan vostedes para pescar?

-A traíña, ao caldeo, ao xeito e as xábegas; pero a traíña é o que máis se usa.

-E que ganancias teñen os mariñeiros?

-Verá Vd. Cada traíneira adoita levar 30 home e o patrón. A pesca recollida divídese en 39 partes; das cales 30 son para os homes, parte por home, e 9 para o aparello. O dono dalle ao patrón dúas ou máis partes do peixe. Veñen as traíneiras á praia e faise a venda. -E é moito o que recolleron nestes días?

-Un mundo! Baste dicirle a vostede que unha traíneira, a de Benito Durán, nunha soa marea, gañou oito mil oitocentos reais.

Nisto achéganse ao noso grupo uns mariñeiros; un deles di:

-Se non fose pola ardora, había pesca para longo, pero veñen as motoras a espantar a sardiña e iso prexudícanos moito.

-E como pescan á ardora? pregunto.

-Co pandullo, metendo ruído pola noite na auga, e as motoras coa billa do vapor; o peixe asústase e escapa ao oír o ruído e entón cae na rede que pechan pola xareta.

-E Vds. cren...?

-Que a ardora é a nosa ruína porque vai espantar a sardiña que hoxe en día está así. -E ao dicir isto xunta os dedos das súas mans callosas e rexas. Xa formamos unha sociedade de patróns e armadores, aprobada no Goberno civil para protestar contra a ardora e a oscurada pero non se consegue nada. E engade sentenciosamente: Esta España!

Sáimos daquela taberna e entramos en dous ou tres máis. En todas elas abundan os pescadores satisfeitos pola ganancia do día. O viño corre prodigamente. Un mariñeiro novo di: - Eu xa sei quen gañou oito ou nove pesos pola súa parte da traíña. E logo: Se non fose a ardora...!

Alto na andanza Son as dez da noite. Sáimos á rúa camiño da fonda e a choiva segue caendo implacable. Chapuzando nos charcos chegamos a casa e despois dunha breve charla, despídome de Sotelo e voume ao leito. Cando me durmo, soño coa ardora e antóllaseme ver unha pantasma exterminadora que corre hostilizando a uns inúmeros exércitos de sardiñas, lonxe das nosas costas, moi lonxe; e logo vexo aos fortes mariñeiros, cun xesto duro e tosco, agarrotar as súas mans callosas cun tremor de indignación.

Menandro.



ACTIVIDADES OS GALOS

A excepcional situación que vivimos neste 2020 fai que ollemos con maior nostalgia os eventos e encontros nos que, á hora de escribir este artigo, pouca confianza temos en que se poidan repetir nos próximos meses. Como con outras moitas cousas, o confinamento fixo pór en valor máis, se cabe, a fortuna que temos de poder reunirmos compañeiros coa mesma afección á navegación e ás embarcacións tradicionais, compartindo anécdotas, venturas e desventuras das travesías, corrobilas e cantigas. Non queda outra que animarse mutuamente e coller folgos para cando poidamos facelo, momento para o que xa queda menos.

De calquera xeito, botar a vista atrás axuda a levar mellor estes días, e sorprende a cantidade de eventos nos que, dunha forma ou outra, acabamos mergullados e que tentaremos resumir neste artigo.



XIV Encontro Galego de Embarcacións Tradicionais na Guarda (11-14 de xullo do 2019)

Preto de trinta millas náuticas son as que separan o porto de Bueu e o espigón que consegue amansar as augas da costa guardesa. Mais non é tanto a distancia o que preocupa, pois á hora de velear ben sabemos que as nosas rutas dificilmente van ir dereitas, pois trátase do gran tramo a mar aberto e do bravo que este se pode poñer, e máis tendo en conta que gran parte dos nosos barcos están máis ben pensados para navegar dentro da ría. Contodo, alá fomos. A travesía organizouse para a fin de semana anterior ao propio encontro.



Pola nosa parte, saímos de Bueu no bote xeiteiro que leva o nome da asociación, Os Galos, a remolque do *Ave de Paso*, que por enésima vez ofreceunos a súa axuda, co *Jordeiro* como bote auxiliar. Á altura de Ons agardamos polo convoi procedente de Muros que xa se xuntara con barcos arousáns alá por Sálvora. Con rumbo sur, recalamos nas Cíes fondando na praia de Rodas, onde fixemos noite. Na mañanciña do domingo día 7 de xullo, ao conxunto das embarcacións déusenos por exhibirnos por diante das illas para a gravación dun vídeo, antes de emprender a marcha cara A Guarda, a onde chegaríamos preto das cinco, pasando o espigón a remos. Cara o final do día, a volta foi en autobús.

O encontro comezaría o xoves seguinte, día no que tería lugar un dos momentos máis emotivos, sen dúbida, coa izada das velas de toda a comitiva. O xúbilo de vivir este momento tan só debeu superado pola bonita estampa que se formou dende a distancia cos trapos enchendo o corazón da vila guardesa. Polo demais, a fin de semana completouse entre pequenas navegacións, concertos e unha rica programación de actividades.

XXIII Encontro Embarcacións Trad. de Bueu

A finais de xullo acaecería o noso propio encontro. Como cada ano, tivemos a sorte de facer unha destas xuntanzas na nosa vila, entre o 24 e o 28, e ver o noso porto cheo de barcos de madeira.



O venres, xunto coa chegada das primeiras embarcacións, fixemos un obradoiro de iniciación á navegación tradicional, froito do noso compromiso coa divulgación e o achegamento deste mundo, sempre coa esperanza de conseguir novos adeptos e de, valéndonos dunha expresión do contexto que vivimos, contaxiar as nosas ganas de navegar. O día completouse cunha charla no Museo Massó a cargo do CEMMA (Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños), que nos puxo ao día dos problemas actuais de golfinhos, arroaces, caldeiróns, cachalotes e lobos mariños, cando se desorientan ou varan, ademais de lembrarnos a normativa para respectar a estes seres. Con todo, os amantes da vela estamos de sorte, posto que navegar en silencio é o mellor para eles.

Cando o sol deixou de picar na tardiña do sábado tivo lugar unha demostración de pesca artesanal coa arte da rapeta na da Banda do Río. Contamos cuns enérxicos colaboradores no areal que en ningunha das dúas largadas perderon a fe, aínda que quedaron algo tristes cando devolvemos as capturas ao mar. O encontro chegaría a súa fin o domingo, coa derradeira navegación de despedida pola ría.



XXIV Concentración de Embarcacións Tradicionais de Combarro

Cara finais de agosto puxemos proa a Combarro para a XXIV Concentración de Embarcacións Tradicionais, a cal moi acertadamente coincide co festival Armadiña Rock, o que provoca unha verdadeira efervescencia na pequena vila pontevedresa. Se ben a fin de semana podería resumirse en navegar e festa para cadanseu día, é nos pequenos detalles onde están a diferencias... e non foron poucos.

De primeiro prato, a néboa acompañou ás embarcacións o venres, de tal xeito que a intuición foi a principal guía dos que decidiron asistir dende o primeiro día. No noso caso, divisamos Combarro cando estabamos a escasos cen metros do porto. A isto engádeselle algunha trasluchada sobrevida cos refachos que habitualmente se forman a rente da illa de Tambo, que ademais dalgún susto, levouse por diante unha das varas de portar dos nosos barcos. Unha vez en terra, o Club Mariño A Reiboa facilitounos o amarre e deunos un inmejorable trato, feito polo que aproveitamos estas liñas para agradecerlle tanto a eles coma ao propio Concello de Combarro as deferencias recibidas.

Se o venres asistíramos co bote polbeiro Vila de Bueu e o xa citado xeiteiro *Os Galos*, o sábado únronse á nosa comitiva a traíña *Pescadoira* e mais o *Ave de Paso*. Coma se estivese preparado, á hora da Regata da Pamplina a vela, levantouse un fresco noroeste que fixo desta un gozo. Os barcos contábanse en decenas, mesturándose aqueles con maior espírito competitivo e aqueles outros que decidiron ir máis tranquilamente observando dende fóra a aqueles. Non houbo tanta sorte o domingo para a volta, posto que o aire decidiu pararse en calma podre, sendo remolcados nalgúns dos tramos.

XI Regata do Sepelo, Portonovo

O 31 de agosto tivo lugar unha nova edición deste evento ao outro lado da ría. Debido ao forte vento que a ese día acompañou, a organización decretou que todos os competidores deberían de levar un rizo como mínimo; en todo caso, nós acudimos como observadores (e tamén gardando parte da vela), posto que a regata está pensada para participaren unicamente dornas.



Pola nosa parte, fomos uns privilexiados espectadores en primeira liña, a bordo do *Vila de Bueu* e acompañados unha vez máis polo *Ave de Paso*, co que disputamos a nosa carreira particular, co descanso de rigor na taberna en terra.

Poñendo a punto o *Rebello*

Cando chega a hora de escribir este artigo e pararse a pensar nos momentos máis destacados, inevitablemente damos cos encontros, tan curtos e intensos, que centran especialmente a época estival. Con todo, non podemos deixar de lado o cotiá, é dicir, todo aquilo que acontece no noso pequeno recuncho na antiga cetárea de Pescadoira durante a gran parte do ano, onde reparamos os barcos e poñemos todo a punto para disfrutar naqueles.

Este ano centrou a nosa actividade o *Rebello*, un bote polbeiro moi semellante ao noso *Lagoas* (de feito, dita similitude fai que, hai uns anos, xa nesta revista nos tivésemos referido a eles como xemelgos), e cuxa historia comezou no Centro de Formación “A Aixola” de Marín a comezos da década dos noventa, de onde foi parar xunto cos compañeiros da Asociación Cultural Dorna da Illa de Arousa.

Anos despois foi cedido aos Galos e, coma un tira-vira, regresou á Arousa e tornou a Bueu recentemente. Neste inverno as tarefas centráronse en retiralrle a pintura e refacerlle algunhas partes danadas co paso dos anos... e nisto pillounos a epidemia.

Co fin do confinamento retomamos estas actividades, subindo o *Lagoas* en canto puidemos. Quen sabe, a casualidade igual quere que os xemelgos volvan ao mar xuntos outra vez, como daquela. Ademais, desta volta, deixando a madeira vista, lucindo unha estética moi semellante.

Así, aínda que a COVID nos poida privar por un tempo de compartir grandes e inesquecibles momentos coas xentes que desfrutamos deste gran patrimonio herdado que son as embarcacións tradicionais, non poderá quitarnos as aventuras esporádicas de pequenas e discretas rutas, de gozar de velear sen preocuparse polo reloxo ou de idear futuras xuntanzas, en canto nos sexa posible. Dende aquí mandamos unha mensaxe de ánimo a todos os tripulantes e avisámoslle de que collan folgos, pois máis pronto que tarde habémonos atopar. Boa proa!



Non podemos rematar estas liñas sen lamentar o pasamento de Staffan Mörling, o sueco de Ons, figura sen a cal as embarcacións tradicionais moi probablemente non serían valoradas como se merecen, nin sequera por nós mesmos. Por desgraza, a situación que vivimos arrebatounos de brindarlle unha homenaxe digna, mais non apaga a tristeza nin o sentimento de compromiso de facerlla nun futuro.

A Staffan Mörling, fillo adoptivo de Bueu, gran amante das embarcacións tradicionais e da Illa de Ons.


Quédanos o seu legado. Agradécidxs sempre.

O noso máis sentido pésame para Josefa, familia e achegados.

DEP



ACTIVIDADES OS GALOS



Entre as candidaturas presentadas para a celebración deste Encontro, foi elixida a presentada pola "Asociación Piueiro" da Guarda, un colectivo aínda recente que naceu o 21 de outubro de 2017 despois dun tempo de maduración da idea de recuperación e posta en valor da memoria histórica e tradición mariñeira da localidade.

Nesta elección de *Piueiro* non cabe dúbida que influíu o seu concepto de proxecto cultural multidisciplinar aberto pois na súa fundación xa integraran representantes de colectivos como Orpagu (Organización de Palangreiros Guardeses), ANABAM (Asociación Naturalista do Baixo Miño), Confraría de Pescadores Santa Tecla coa que comparten local, Proyecto Socheo (Patrimonio audiovisual da Guarda e Baixo Miño), Infomaxe (Asociación da Fotografía e da Imaxe) e veciños a nivel individual.

Neste curto espazo de tempo e de cara á organización do Encontro tamén contarían co apoio do

IEM (Instituto de Estudos Miñoranos), do Concello da Guarda, Confraría, Portos de Galicia e loxicamente de Culturgal dándolle á convocatoria desta ano un certo aire institucional.

Esta presenza é de agradecer polos colectivos de embarcacións tradicionais xa que tras dos seus encontros agáchase a promoción da cultural local, a recuperación da tradición mariñeira e de embarcacións antigas que veñen supoñer hoxe un gran elemento de atracción turística.

Falabamos da representación institucional pois na abertura deste XIV Encontro, ademais dos presidentes de Culturmar, Manuel García Sendón e de Piueiro, Joaquín Cadilla, tamén se deron cita a conselleira do Mar, Rosa Quintana, os membros da Deputación, deputados Carlos López Font, Ana



Tripulación de "Os Galos" na Guarda

Laura Iglesias e Iria Lamas, así como á directora xeral de Patrimonio, María del Carmen Martínez.

Desde estas páxinas queremos darlle os parabéns aos compañeiros de *Piueiro* polo éxito da cita, non só en canto á asistencia institucional, senón por conformar un atractivo programa de catro días con máis dunha ducia de exposicións, feira de artesanato, visitas guiadas, presentacións de publicacións, obradoiros, actuacións musicais... Cabe resaltar, asemade, a gran concorrencia de máis de oitenta embarcacións das nosas rías, tanto do norte como do sur e de lugares máis lonxanos como Lisboa, País Vasco Cataluña ou Irlanda que converteron o porto da Guarda non só nun espazo multicultural mariñeiro senón tamén de continuación do programa de Culturmar "O mar para tod@s".



Unha das embarcacións dos Galos na Guarda

Este proxecto de inclusión que tivo en Muros os seus inicios, vén practicándose desde 2013 en todos os Encontros e nesta ocasión na Guarda, propiciou que unhas 80 persoas con discapacidade pudesen disfrutar do seu bautizo de mar.



Maqueta dun antigo volanteiro

O volanteiro da Guarda

Nesta breve reseña sobre o XIV Encontro non podemos deixar sen mencionar outro gran esforzo colectivo como foi a recuperación e botadura dun volanteiro de trece metros de eslora, embarcación emblemática da Guarda xunto coa gamela e sobre todo a novidosa involucración de empresas, colectivos e persoas que contribuíron a financiarla por pezas con aportacións de entre 2.000 e 120 euros.

Contodo, se celebramos a recuperación desta embarcación desaparecida a comezos do século XX, tamén debemos dar conta de que os astelleiros do Minxos, *Astilleiros El Pasaje, S. L.*, ubicados desde antigo na Pasaxe en Camposancos, deixaron constancia de que como vén acontecendo noutros lugares de Galicia, este sería o último barco que saíría das suas gradas.

Ademáis deste volanteiro "Piu-eiro" tamén recibiron o seu bautizo de mar as dornas "A Surfeira" de Portonovo e "A Lagarta" de Sada xunto co choupán "O Brincadeiro" de Agüete, que se suman ás numerosas embarcacións tradicionais restauradas ou recuperadas.



Construción, traslado e botadura do volanteiro



Buen



todo



Mar





Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais

